



Exportando agroglamour dende 2004



festival
de cans

XVI EDICIÓN | 22/25 MAIO

2019 | CANS (O PORRIÑO)
FESTIVALDECANS.GAL



Dossier de Prensa

patrocinan



apoian





apadrinan



colaboran





OS NOMES DA 16ª EDICIÓN DO FESTIVAL DE CANS

**RODRIGO SOROGOYEN
CARLOS BLANCO
MARLANGO
JUANJO GIMÉNEZ
WYOMING Y LOS INSOLVENTES
NIEVES RODRÍGUEZ
MARTA NIETO
ÁLVARO GAGO
MELANIA CRUZ
ANDRÉS GOTEIRA
LEONOR WATLING
BUDIÑO
PILAR COMESAÑA
HANNES STÖHR
THE LEGENDARY TIGERMAN
PATRICIA MOON
JORGE COIRA
GRUPO CHÉVERE
BFLECHA
PAULA CONS
CRIS IGLESIAS
MIGUEL DE LIRA
XESÚS RON
ARIES
XOSE A. PEROZO
CHISME
ANTÓN REIXA
LILIANA TORRES
DAKIDARRÍA
OS ZOQUEIROS**

E tamén... XACIO BAÑO, LUCÍA C. PAN, SU GARRIDO, PAKOLAS E LAURA ROMERO, ISABEL BLANCO, PABLO ROMERO-FRESCO, CHELO LOUREIRO, DIANA TOUCEDO, ISABELLE LE GONIDEC, MELA CASAL, PAULO FURTADO, XURXO SOUTO, CARLOS MEIXIDE, LUCÍA C. PAN, ALBERTO VÁZQUEZ, FERNANDO EPELDE...



ÍNDICE

Programa.....	12
Sección oficial: Ficción	16
Sección oficial: Animación.....	20
Sección oficial: FuraCans (Non-ficción).....	22
Sección oficial: Videoclips.....	25
Xurados.....	27
Música.....	30
Filme de apertura: <i>Eroski Paraíso</i>.....	35
Retrospectiva Hannes Stöhr	36
Audiovisual e música.....	39
Jalpón dos Oscar.....	43
Noite das homenaxes.....	44
Encontros e coloquios.....	46
Lendo Cine.....	50
Fillas e fillos de Cans.....	52
A que andas?	54
Retrospectiva Premio Pedigree Carlos Blanco.....	56
Ultravioleta.....	58
ExtraCans.....	60
MiniCans.....	62
Cans Participa.....	66



EXPORTANDO AGROGLAMOUR DENDE 2004

Como ben amosa o globo terráqueo que preside o deseño e a imaxe desta XVI edición, neste 2019 o Festival de Cans quere destacar a vontade de internacionalización do certame, que se remarca co lema “exportando agroglamour dende 2004”. Un obxectivo que paseniñamente se foi introducindo na programación, que fixo real a creación da primeira retrospectiva internacional dedicada ao director alemán Hannes Stöhr. A programación deste ano mantén tradicións do Festival e seguen coidando a oferta diversa de actividades culturais (música, coloquios...) creando incluso algunha sección nova co fin de atender a diferentes públicos e mantendo a calidade das propostas como denominador común.

Audiovisual

Sección Oficial a concurso

- Todas as competicións da sección oficial teñen nesta edición un fermoso equilibrio entre cineastas de longa traxectoria, en moitos casos caras coñecidas en Cans, e o espazo para acoller os debuts das figuras emerxentes do cinema galego.
- Na competición de Ficción destaca a gran variedade de xéneros, con aproximacións á comedia, ao fantástico ou ao terror, en moitos casos en pezas que rompen coas fronteiras entre estes tipos de cine.
- A variedade na sección de Animación vén marcada polos diferentes perfís e técnicas empregadas polos seus creadores: algunhas pezas están creadas por veteranos da animación con ampla experiencia na industria, mentres que outras pezas se achegan ao mundo das belas artes, animando dende a pintura.
- A sección competitiva de non ficción FuraCans acolle as creacións dunha xeración emerxente, nacida na súa gran maioría na década dos 90, e na que destacan sobre todo mulleres realizadoras. En FuraCans atopamos tamén unha gran variedade de enfoques, dende o documental a pezas de carácter autobiográfico ou videocreacións que poderían verse no ámbito museístico.

- O concurso de videoclips segue recollendo a riqueza de estilos e talentos da música galega e tamén dos realizadores e realizadoras que poñen imaxes ás cancións do país, usando en moitos casos o formato para experimentar. Este ano destaca a presenza de varias pezas animadas e outras que traballan con imaxes de arquivo. No musical, as propostas van dende o pop ao hip hop, e da electrónica mesturada co folclore ao punk máis ruidoso.

Longametraxes

- O filme de apertura desta XVI edición de Cans será ***Eroski Paraíso***, a adaptación ao cinema da obra teatral de Chévere dirixida por Jorge Coira e Xesús Ron.
- O Festival de Cans ofrecerá na súa edición máis internacional a primeira retrospectiva dun director estranxeiro: o alemán **Hannes Stöhr**, un director cunha filmografía vinculada a Galicia, cuxas películas mostran unha base social forte adornada con doses intelixentes de comedia.
- Hannes Stöhr viviu durante unha tempada en Santiago de Compostela nos anos noventa, onde gravou e coñeceu a parte do elenco galego que aparece no filme de episodios ***One day in Europe*** (coñecida aquí como ***Galatasaray- Dépor***).
- Na retrospectiva tamén se poderá ver ***Berlin Calling***, que conta a historia de Martin Karow, un DJ un famoso produtor de música electrónica berlinés, e que pasou por festivais como Locarno en 2008 (entre outros).
- Por último, **Hannes Stöhr** estará en Cans para presentar a estrea en Galicia da súa película máis recente, ***Global Player***, que nos fala da influencia da globalización nunha pequena empresa familiar do textil do sur de Alemaña.
- Completa a sección de longametraxes o documental ***Gallo***, dirixido por Antonio Díaz Huerta, que pasou en 2018 pola sección ZINEMIRA no Festival de Cine de San Sebastián. Esta peza conta a historia de superación de Aitor Francesena “Gallo” no seu esforzo por conseguir ser Campión do Mundo de Surf Adaptado.

Seccións habituais e específicas desta edición

- O **Coloquio na Leira** estará protagonizado por **Rodrigo Sorogoyen**, un dos directores españois máis importantes do momento, como ben indican os Goya á Mellor Película e Mellor Guión que recibiu pola recente ***El reino***.
- En relación coa visita de Sorogoyen e a presenza do director catalán Juanjo Giménez como membro do xurado, programárase a **sección Jalpón dos Oscar**, onde se proxectarán as curtas coas que estes cineastas foron nominados aos Oscar: ***Madre*** (2017), de Sorogoyen e ***Timecode*** (2016), de Giménez.
- O **Café con CREA** estará protagonizado por **Hannes Stöhr**, que conversará con **Fon Cortizo** (membro da directiva de CREA) e o seu colega de profesión e amigo **Jorge Coira**.
- En relación ao Premio Pedigree 2019 realizarase unha **retrospectiva de curtametraxes en homenaxe ao actor Carlos Blanco** con pezas protagonizadas

polo actor. Nesta sesión veremos pezas como *Temporada 92-93* ou *Amistad*, ambas dirixidas por Alejandro Marzoa, *Desayuno con diadema* de Óscar Bernárker ou *Mal de sangue* de Pedro Díaz.

- As seccións máis esperadas do Festival de Cans son aquelas que nos mostran un pouco do que está por vir no ámbito do cinema. En **Fillas e fillos de Cans** poderemos ver o proceso ou as primeiras imaxes de filmes esperados como *El Santa Isabel* (de Paula Cons); *¿Qué hicimos mal?* (de Liliana Torres), *Beiras. Vivir dúas veces* (de Jorge Coira, Pepe Coita e Gaspar Broullón); *9 Fugas* (de Fon Cortizo) e *Úrsuas* (de Roi Fernández).
- Na sección **A que andas?**, feita en colaboración coa Asociación Galega de Guionistas, botaremos un ollo aos borradores de guións e os proxectos en proceso de **Álvaro Gago, Chelo Loureiro, Andrés Goteira, Juanjo Giménez e Víctor Duplá e Diana Toucedo**.
- Na sección **ExtraCans** proxectaremos curtas de directoras e directores de **Armenia, Estados Unidos, Cuba e Suíza**, sempre buscando visibilizar as conexións e a presenza de profesionais de Galicia en proxectos cinematográficos doutros países. Este ano estas pezas destacan pola súa calidade e a variedade de xéneros. Tamén poderemos ver o *work in progress* inédito de *Le grain et l'ivraie* de Fred Florey.
- Coa sección **Ultravioleta** o Festival de Cans quere poñer o foco de atención na perspectiva de xénero. Nesta escolma de curtas, dirixidas todas por artistas e creadoras, trátanse diferentes temas dende unha perspectiva feminista con pezas de Diana López, Sara Casasnovas, Carmen PG Granxeiro e o equipo de Corentena Produccións.
- Nesta edición continúan os **roteiros cinéfilo-literarios** co autor de *Cans*, Carlos Meixide, aos que se suma Xosé A. Perozo, que realizará un roteiro inspirado na súa novela *O pianista de Cans*. Tamén teremos unha nova edición do concurso “Ollo de vidro” de booktrailers e booktubers que coordina a Biblioteca Pública Neira Vilas de Vigo. As pezas finalistas proxectaranse en Cans para elixir un gañador.
- O público xeral terá a opción de asistir a unha **masterclass sobre subtitulado e accesibilidade** que impartirá o docente e realizador **Pablo Romero-Fresco**.
- Os coloquios de AISGE abordarán o mércores, o xoves e o venres diferentes experiencias e aspectos do traballo da interpretación con actrices e actores como **Camila Bossa, Víctor Mosqueira, Isabel Blanco, Miguel de Lira, Mariana Carballal, Mela Casal** ou **Xavier Picallo**. Á parte destes encontros tamén haberá lugar para a mesa de debate de **Proxecta Constrúe “Achegar os festivais ao público novo: escoitar para programar”** e un encontro con asociacións audiovisuais na que participarán CREA, AGAG (Asociación Sindical de Guionistas de Galicia), AAAG (Asociación de actores e actrices de Galicia), de Proxecta, Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, e a Academia Galega do Audiovisual.
- Outra das novidades é a celebración do encontro **Lendo Cine** nos soportais da tenda Tía Tata. Unha nova actividade na que escritoras e escritores (e profesionais da edición) darán a coñecer libros nos que o cine é o tema central. Estarán presentes **Jaime Burque, Isabel Blanco, Xosé A. Perozo, Diego Giráldez, Pablo Romero-**

Fresco, Clara do Roxo e algúns membros do Grupo Chévere.

Audiovisual e música

- Cans segue no seu empeño por facer dialogar a música e o audiovisual en diferentes espazos do festival. O Baixo de Bugarín e o Jalpón de Alicia acollerán as **proxeccións de *Fade into nothing* e *Femina*** respectivamente, dúas pezas relacionadas co músico, guionista e creador portugués Paulo Furtado, The Legendary Tigerman.
- O espazo estrela na pasada edición, o Invernadoiro de Mucha do Peso, duplica este ano a súa programación. O artista polifacético Fernando Epelde, creador da canción oficial desta XVI edición de Cans, estará neste antigo invernadoiro de caraveis xunto a parte do elenco para presentar a estrea da súa película ***SYD. Efectos que dejan de ser especiales con el tiempo***. Ao remate desta ofrecerá un concerto do seu proxecto musical en solitario Chisme.
- Tamén terá lugar no Invernadoiro **a retrospectiva de videoclips de Xosé Manuel Budiño**, (formada por pezas de realizadores como Enrique Otero, Roi Fernández, Tareixa Montes... e que inclúe o seu debut como director) e **a presentación do seu novo traballo *Fulgor***, un disco cantado por el mesmo e no que da un xiro cara o pop.
- **Antón Reixa** pechará a programación do Invernadoiro nunha sesión nocturna que estreará en Galicia o seu **espectáculo experimental *Melancholemia***, no que se mesturan bases musicais, imaxes de Antonio Segade e versos do propio Reixa.

Música

- O Torreiro de Cans, centro neurálxico do festival, acollerá o concerto da noite do venres 24 de **The Legendary Tigerman**, que presentará o seu último disco *Misfit*, seguido da actuación de **BFlecha**. O sábado 25, día grande do festival, neste mesmo espazo escoitaremos a **Dakidarría en acústico** e o paseo pola historia do rock con **Wyoming & Los Insolventes**.
- O **Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia** será o escenario do concerto de **Marlango**, a banda liderada pola cantante e actriz Leonor Watling e o músico Alejandro Pelayo, que interpretará temas do seu último disco *Technicolor*.
- Polo escenario da **Fundación SGAE Cans Voulevar** pasarán a cantautora arzuana **MJ Pérez**; a fusión da música clásica coa tradicional na man de **Raiceira** e o soul rock da viguesa **Patricia Moon**. Na Noite Lasal Cocinas dos videoclips será a artista **Aries** quen porá o broche final do xoves co seu pop electrónico, presentando o seu novo disco *Juramento Mantarraya*.
- No espazo do **Invernadoiro de Mucha do Peso** terán lugar os citados concertos de **Chisme**, de **Budiño** e o espectáculo de **Antón Reixa** en conxunto ás proxeccións dos seus traballos audiovisuais correspondentes.
- Na programación infantil do Parque do Río haberá tamén actuacións musicais para a rapazada e para os acompañantes. O programa inclúe a proposta ***Cores, contos e***

rock'n'roll, con música de **Pakolas** e debuxos en directo de **Laura Romero**. Neste espazo tamén sonarán as cancións –mestura de jazz, folk ou bossa nova- do novo disco de **Su Garrido Pombo**. Por último, a banda do Centro Cultural de Xinzo **Psychotropic Boom** traerá un repertorio divertido para gozar en familia do fin dunha xornada chea de actividades.

- Non faltará tampouco o roteiro **CanSonoro** guiado por Xurxo Souto e máis música ao cargo das **Pandereteiras de Cans, Os Zoqueiros, os AcordeCans ou a Banda de Música de Rubiós**.
- E non só iso, porque como non podía ser doutro xeito, este ano o sábado tamén teremos sesións de Discochimpín con **Seila Esencia DJ** e **Duendeneta DJ**, que seguirá a festa o sábado no Torreiro logo do concerto de Wyoming & Los Insolventes.

Homenaxes e máis protagonistas

- O actor **Carlos Blanco** será homenaxeado este ano co **Premio Pedigree 2019**, pola súa traxectoria de case tres décadas no mundo da interpretación. O actor ademais colocará a súa estrela no Torreiro.
- Tamén entrarán no Torreiro das Estrelas o director **Rodrigo Sorogoyen** e o artista, actor e humorista **Wyoming**.
- O xurado desta edición xunta tamén talentos diversos e diferentes perfís profesionais, de aquí e acolá: **Melania Cruz, Andrés Goteira, Zaza Ceballos, Alberto Vázquez, Cris Iglesias, Xosé Manuel Budiño, Juanjo Giménez, Xacio Baño, Liliana Torres, Isabelle Le Gonidec, Patricia Moon, Paco Serén** e **Carlos Alberto Alonso**, ademais do Xurado dos veciños e veciñas, que contará con cinco habitantes de Cans.
- Os **Chimpíns de Prata “Premio Pepe Puime”** irán para a actriz e presentadora **Nieves Rodríguez** e para os veciños **Paz Acuña** e **Rafa González**, pola súa hospitalidade e implicación co Festival de Cans.
- Outra das novidades desta edición é a creación dun novo galardón, o **Chimpín de Prata “Divina Campos”**, en recoñecemento específico a persoas do mundo da comunicación que teñan contribuído a dar a coñecer o Festival de Cans. Nesta edición XVI o primeiro desta categoría irá para a xornalista **Pilar Comesaña**.

Ademais...

- O 15 de maio inaugurarase a exposición ***Outra pel, outro rostro*** da fotógrafa **Cris Andina**. A mostra, composta de 30 imaxes, pretende ser unha homenaxe ao oficio do teatro e poderá verse ata o 15 de xuño entre a Sala Ingrávida e o Centro Recreativo Cultural.
- A programación **MiniCans** para nenas e nenos comprende actividades variadas. Neste espazo haberá dende **obradoiros de stop-motion**, de efectos especiais co **Proxecto Participa Méliès** ou talleres sobre bandas sonoras como será **Son-Cinema**; actuacións musicais e proxeccións como a das curtametraxes finais do **Proxecto contra a violencia de xénero “Xénero/Historias”** ou as da **Caixiña de**

Mistos. As actividades de MiniCans repartiranse entre o **Parque do Río, Inquedanzas, o Cuberto de Pato e o Cuberto de Chelo**, estes dous últimos espazos que se habilitan especificamente para albergar a programación infantil.

- Estrea do documental ***Os Catro Ventos de Cans. Memoria da música***, realizado dentro do proxecto **Cans 303** coordinado por **Juanma Lodo**.
- O xoves terá lugar na Praza do Concello o **concurso de pintura rápida “Pintar o cine”**, que substitúe ao Can Parade. Os 12 finalistas terá que crear en cinco horas unha obra orixinal de técnica e temática libre que inclúa unha escena de cine a silueta da nosa mascota de Cans.
- As visitas programadas de escolas e institutos de toda Galicia mantense nesta edición. Prestaremos atención á actividade Cans do Futuro, que nesta ocasión organizou para estes encontros a sección **“Oficios invisibles” en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual** con profesionais do cine como **Alicia Saturna** (vestiario e atrezzo), **Lucía Catoira Pan** (directora de fotografía) e **Diana Toucedo** (montadora).
- Na Noite das homenaxes botaremos a vista atrás e recordaremos a edición pasada co documental ***Quince Primaveras***, de **Isaura Docampo**, o making of da XV edición do Festival de Cans.
- O Festival de Cans segue a procurar a **implicación e participación da comunidade** –dende nenos e nenas a maiores– nas actividades que impulsa: dende a exposición no Centro de Maiores de Torneiros en **Cans Senior** ás actividades de **Cans do Futuro**, co **concurso de booktrailers “Ollo de vidro”**, etc.



PROGRAMA

MÉRCORES 15 DE MAIO

19h30 | Inauguración da exposición fotográfica “Outra pel, outro rostro” de Cris Andina | Círculo Recreativo Cultural | Ata o 15 de xuño no CRC e na Sala Ingrávida

SÁBADO 18 DE MAIO

20h00 | Proxección *Berlin Calling*. Retrospectiva de Hannes Stöhr | Sala Ingrávida

DOMINGO 19 DE MAIO

20h00 | Proxección *Galatasaray-Dépor*. Retrospectiva de Hannes Stöhr | Sala Ingrávida

MÉRCORES 22 DE MAIO

10h00 | Inauguración **Cans Senior. Apertura da exposición e entrega de premios** | Centro de día de Torneiros

10h00 | **Cans do Futuro**. Encontro “Oficios invisibles” en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual con Alicia Saturna, responsable de vestiario | Baixo de Bugarín

10h30 | **Masterclass de subtitulado con Pablo Romero-Fresco** | Baixo de Moncho

11h30 | **Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide** | Saída da rotonda do Can

12h00 | **Coloquio Fundación AISGE “Pioneiros e pioneiras da interpretación, lembrando a Xan Cejudo”** con Mela Casal e Xabier Picallo | Baixo de Moncho

16h30 | **Proxección do documental *Gallo de Antonio Díaz-Huerta*** con Sergio Frade, produtor e co-guionista do filme | Baixo de Bugarín

18h30 | **Final de “Ollo de vidro”, concurso booktrailers e booktubers** | Baixo de Bugarín

20h00 | Homenaxe ao **Can de Pedra e descuberta do traxe deste ano coa música das Pandereteiras de Cans** | Rotonda do Can

20h30 | **Colocación Chimpín de Prata a Paz Acuña e Rafa González** | Muro dos Chimpíns

21h00 | **Día dos veciños** | Torreiro de Cans

- Presentación xurado das veciñas e veciños
- Presentación dos guías dos camiños
- Presentación do libro *A grande epopea do pianista de Cans* de Xosé A. Perozo, con María Navarro (profesora e crítica literaria)
- Estrea do documental *Os Catro Ventos de Cans. A memoria da música* realizado no marco do Proxecto Cans 303 coordinado por Juanma Lodo

- Actuación das Pandereteiras de Cans e os AcordeCans

XOVES 23 DE MAIO

10h00 | **Cans do Futuro.** Encontro “Oficios invisibles” en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual con Lucía C. Pan, directora de fotografía | Baixo de Moncho

10h00 | **Proxecta Constrúe “Achegar os festivais ao público novo: escoitar para programar”** Con Pela del Álamo (Curtocircuíto), Sonia Méndez (Carballo Interplay), Manuel Pena (FIC Bueu), Alfonso Pato (Festival de Cans) | Baixo de Bugarín

10h30 | **Roteiro cinéfilo-literario con Xosé A. Perozo** | Saída da rotonda do Can

11h30 | **Roteiro cinéfilo-literario con Carlos Meixide** | Saída da rotonda do Can

11h30 | **Coloquio Fundación AISGE “Presentación Proxecto Orballo”** con Mariana Carballal, a actriz Raquel Espada e os actores Miguel Canalejo e Chechu Salgado | Baixo de Moncho

13h00 | Coloquio asociacións audiovisuais **“Audiovisual, unidas e unidos no que nos preocupa”** con Enrique Lojo (AGAG), Fon Cortizo (CREA), Ángel Sánchez (Proxecta), Miguel Mariño (Academia Galega do Audiovisual) e Xabier Deive (AAAG) | Baixo de Moncho

15h00 | **Concurso de pintura rápida “Pintar o cine”** | Praza do Concello

17h00 | **Proxección da película *Global Player* coa presenza do seu director Hannes Stöhr** | Círculo Recreativo Cultural

16h30 | **Dálle caña! Encontro con realizadoras e realizadores de videoclips** | Sala In-grávida

18h00 | **LendoCine** con Jaime Burque, Grupo Chévere (Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo e XRon), Diego Giráldez, Isabel Blanco, Xosé A. Perozo, Pablo Romero-Fresco e Clara do Roxo | Tenda Tía Tata (soportais)

19h00 | **Chegada de Os Zoqueiros para amenizar a procesión de chimpíns** | Praza do Concello

19h30 | **Saída da procesión de chimpibuses** | Praza do Concello

20h00 | **Proxección apertura: *Eroski Paraíso*** cos directores Jorge Coira e Xesús Ron, o elenco e o equipo técnico da película | Círculo Recreativo Cultural

20h30 | Showcooking de Cociñeiros Estrella Galicia elaborando **Tapas de cine** | Praza do Concello

22h00 | **Concurso de videoclips. Noite LASAL COCINAS** | Praza do Concello

23h30 | **Concerto: Aries** | Praza do Concello

24 DE MAIO, VENRES

10h00 | **Cans do Futuro.** Encontro “Oficios invisibles” en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual con Diana Toucedo, montadora | Baixo de Bugarín

10h00 | **Café con CREA: coloquio co director alemán Hannes Stöhr** | Baixo do Moncho

11h30 | **Coloquio Fundación AISGE “Vinte anos de Mareas Vivas”** con Víctor Mosqueira, Camila Bossa, Miguel de Lira e Isabel Blanco | Baixo do Moncho

13h00 | **A que Andas?** Os filmes dende o guión con **Álvaro Gago, Andrés Goteira, Chelo Loureiro, Victor Duplá, Diana Toucedo e Juanjo Giménez** | Baixo do Moncho

16h30 | **Fillas e fillos de Cans.** Avances de proxectos con **Jorge Coira, Pepe Coira, Gaspar Broullón, Paula Cons, Fon Cortizo, Liliana Torres e Roi Fernández** | Baixo do Moncho

17h00 | **MiniCans: Obradoiro de cine “Da imaxinación á pantalla” - Participa Méliès** | Cuberto de Chelo

17h30 | **Proxección das curtametraxes finalistas - Proxecto contra a violencia de xénero “Xénero/Historias”** | Baixo de Carlos

18h30 | **Audiovisual e música: proxección de *Fade into nothing*** de Pedro Maia. Coa presenza de Paulo Furtado, músico, co-guionista e protagonista do filme | Baixo de Bugarrín

19h30 | **MiniCans: Proxección das pezas realizadas no “Da imaxinación á pantalla”**- Obradoiro Participa Méliès | Cuberto de Chelo

19h30 | **Actuacións hip-hop. Proxecto contra a violencia de xénero “Xénero/Versos”** | Parque do Río

20h30 | **Concerto MARLANGO** | Espazo Estrella Galicia da Leira de Alicia

22h00 | **Desfile de chimpíns acompañado da treboada Muimenta** | Baixo do Moncho ata o Torreiro de Cans

22h30 | **Noite das homenaxes** | Torreiro de Cans
 Estrea *Quince primaveras* de Isaura Docampo sobre a XV edición do Festival de Cans
 Entrega dos Chimpíns de Prata a Nieves Rodríguez, Pilar Comesaña e Paz Acuña e Rafa González.
 Entrega Premio Pedigree a Carlos Blanco e colocación na súa estrela no Torreiro
 Entrega dos Premios Concurso Videoclips
 Entrega do Premio Concurso “Pintar o cine”
 Presentación dos diferentes xurados

00h00 | **Concerto: The Legendary Tigerman** | Torreiro de Cans

02h00 | **BFLECHA DJ Set** | Torreiro de Cans

SÁBADO 25 DE MAIO

10h00 | **CanSonoro.** Roteiro da música e do patrimonio con Xurxo Souto | Saída da rotonda do Can

10h30 | Descuberta da **placa en homenaxe a Os Catro Ventos** na Casa de Marisol no Barrio do Castillo | Durante o roteiro CanSonoro con Xurxo Souto

10h00 | **Primeiro pase matinal da Sección Oficial de Ficción e Animación + Furacáns** | Varios espazos

10h00 | **Sección Ultravioleta** coa presenza de Diana López, Carmen PG Granxeiro, Eire García e Sara Casasnovas | Jalpón de Alicia

11h00 | **MiniCans: Cre-accións. Obradoiro creativo de stop-motion** | Centro Educativo Inquedanzas. Barrio do Buraco.

12h00 | **Coloquio na Leira con Rodrigo Sorogoyen** | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

13h00 | **Pasarrúas: Banda de Música de Rubiós** | Saída da Rotonda do Can

13h30 | **Colocación da estrela de Rodrigo Sorogoyen e Leonor Watling** | Torreiro de Cans

13h30 | **Segunda sesión matinal da Sección Ficción e Animación e Furacáns** | Varios espazos

13h30 | **Sesión Vermú Nordesía: Banda de Música de Rubiós** | Torreiro de Cans

13h30 | **MiniCans: Concerto Pakolas + ilustracións en directo de Laura Romero** | Parque do Río

15h30 | **Desfile de chimpíns con charanga** | Dende o barrio do Castillo ata o Torreiro e camiños de Cans

16h00 | **MiniCans: A Caixiña de Mistos.** Inicio de proxeccións periódicas de curtametraxes | Parque do Río

16h00 | **MiniCans: Obradoiro de curtametraxes de Mr. Misto** | Parque do Río

16h00 | **Audiovisual e música: retrospectiva dez anos do proxecto *Femina*** coa presenza do músico e realizador **Paulo Furtado (Tigerman)** | Jalpón de Alicia

16h00 | **Audiovisual e música: estrea de *SYD. Efectos especiales que dejan de ser especiales con el tiempo*, do director Fernando Epelde + concerto de Chisme.** Coa presenza do director, o actor Miquel Insua e a actriz Marta Pazos e o equipo do filme | Cuberto de Mucha do Peso [5 euros]

16h30 | **Concerto: MJ Pérez** | Escenario Fundación SGAE. Cans Voulevar

16h30 | **Primeiro pase da tarde da Sección Oficial de Ficción e Animación + FuraCans** | Varios espazos

16h30 | **Dálle caña! Encontro con curtametraxistas das Seccións Ficción e Animación** | Escenario Estrella Galicia na Leira de Alicia

16h30 | **MiniCans: Obradoiro “Son-Cinema” por Juanma LoDo** | Cuberto de Pato [3 euros]

17h30 | **Concerto Su Garrido Pombo** | Parque do Río

18h00 | **Segundo pase da tarde da Sección Oficial de Ficción e Animación + FuraCans** | Varios espazos

18h00 | **Jalpón dos Oscar: proxección de *Madre* de Rodrigo Sorogoyen e *TimeCode* de Juanjo Giménez.** Coa presenza dos directores e de Marta Nieto, protagonista de *Madre* | Jalpón de Alicia [3 euros]

18h30 | **MiniCans: Contacontos ilustrado sobre María Casares, con Polo Correo do Vento** | Cuberto de Pato [3 euros]

18h30 | **Concerto: Patricia Moon** | Escenario Fundación SGAE. Cans Voulevar.

19h00 | **Audiovisual e música: Retrospectiva de videoclips de Budiño + Presentación do seu novo disco *Fulgor*** | Invernadoiro de Mucha do Peso [5 euros]

19h30 | **Terceiro pase de tarde da Sección Oficial de Ficción e Animación** | Varios espazos

19h30 | **Concerto Psychotropic Boom** | Parque do Río

19h30 | **Dálle caña! Encontro con curtametraxistas da categoría FuraCans, ExtraCans e a sección Ultravioleta** | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

20h00 | **Colocación da estrela do Gran Wyoming** | Torreiro de Cans

20h30 | **Concerto: Dakidarría (en acústico)** | Torreiro de Cans

21h00 | **ExtraCans: proxección de curtas internacionais con vínculos profesionais a Galicia.** Coa presenza das e dos cineastas | Baixo de Carlos [3 euros]

21h30 | **Retrospectiva de curtas de Carlos Blanco, Premio Pedigree 2019** | Jalpón de Alicia

22h00 | **Audiovisual e música: Antón Reixa estrea o espectáculo *Melancholemlia*** | Invernadoiro de Mucha do Peso [5 euros]

22h00 | **Concerto: Raiceira** | Escenario Fundación SGAE. Cans Voulevar

23h00 | **Sesión Discochimpín: Seila Esencia DJ** | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

23h30 | **Entrega de premios** | Torreiro de Cans

00h30 | **Concerto Estrella Galicia: Gran Wyoming & Los Insolventes** | Torreiro de Cans

02h00 | **Sesión Discochimpín: La Duendeneta DJ** | Torreiro de Cans

DOMINGO 2 DE XUÑO

20h00 | **Homenaxe as premiadas e premiados – Proxección das curtas gañadoras** | Sala Ingrávida [4 euros]



SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO

As dez obras seleccionadas na competición de curtametraxes de Ficción do Festival de Cans (tres delas estrean) reflicten o carácter diverso e rico do cinema galego. Na escolma atoparemos curtas de corte clásico e popular e gran variedade de xéneros: terror en *Limbo*, o xénero fantástico en *A nena azul*, o drama en *A viúva* ou *Sendeiro* ou pezas de corte máis intimista como *O que precede a caída é branco*.

Nesta sección mantéñense equilibrios que xa veñen sendo habituais en Cans. Directores cunha traxectoria consolidada (Sandra Sánchez, Pedro Sancho, Fran X. Rodríguez, Cristina Bodelón ou Ignacio de Vicente) comparten categoría con novas voces, algún deles debutará aquí na dirección, como Nacho Ozores ou Aldara Pagán. Outro dos equilibrios é a confluencia das pezas que terán a súa estrea no Festival de Cans (*La pescadora* de Edu Lavandeira, *Marusía* de Pedro Sancho e *O que medra por dentro* de Nacho Ozores) con outras que levan un longo percorrido por festivais e premios ás súas costas como *Limbo* ou *A nena azul*, galardoada co Mestre Mateo á Mellor Curtametraxe de 2019. Continúa tamén a vontade do festival de achegar a Galicia as creacións de cineastas que residen e traballan fóra: a peza de Noelia María Muíño chega dende Nova York e os traballos de Pedro Sancho e Cristina Bodelón de Madrid.

O NENO BONITO

2018 | 14' | galego

Dirección: Fran X. Rodríguez

Guión: Fran X. Rodríguez e Marcos Nine

Producción: Martiño Vázquez

Fotografía: Leticia Bellón

Montaxe: Fran X. Rodríguez

Son: Javi Pato

Elenco: Denís Gómez, Covadonga Berdiñas, Marta Carrillo, Santi Prego, Santiago Fernández.

Vai de: Andrés ten 37 anos e sempre foi o favorito dos seus pais. Vive con eles e non traballa. Dedícase só a comprar e a facer coleccións de xeito rutineiro e obsesivo. Todo cambia cando descobre que a súa última colección compléctase coa súa morte.

Xénero: Comedia negra.

O detalle: O director Fran X. Rodríguez é un vello coñecido do público do Festival de Cans, onde gañou en 2016 coa curta *Ladrones de tiempo*. Esta curta foi finalista a Mellor Curta-metraxe nos Mestre Mateo.

A NENA AZUL

2018 | 21' | galego

Dirección: Sandra Sánchez

Guión: Sandra Sánchez e Ángeles Huerta

Produtora: Cut up

Fotografía: Lucía C. Pan

Son: Xavi Souto e Javier Pato

Música: Nico Casal

Elenco: Carla Díaz, Lucía González e Sergio Ze-arreta.

Vai de: Sira é unha nena de oito anos, filla dun percebeiro furtivo da Costa da Morte, que un día escapa da escola e se agocha nunha praia mentres busca ao seu pai. Alí atópase cunha nena que se lle parece moito.

Xénero: Fantástico.

O detalle: *A nena azul* foi premio a mellor curtametraxe nos Mestre Mateo en 2019 e mención especial do xurado da sección Planeta GZ no último Festival Curtocírculo.

LIMBO

2018 | 14' | galego

Dirección e guión: Dani Viqueira

Xefe de produción: Suso López

Fotografía: Lucía C. Pan

Son directo: Javier Pato

Música: Germán Díaz

Montaxe: Dani Viqueira

Elenco: Xosé Eirín, Paula Morado e Rita Aneiros

Vai de: A incapacidade de Xosé para aceptar a nova realidade da súa vida lévao a unha espiral de autodestrución na que acaba envolvendo á súa muller e á súa filla.

Xénero: Terror.

O detalle: Unha das curtas con máis seleccións en festivais internacionais no último ano. Premio á Mellor curta no Terroríficamente Cortos, o Festival Internacional de Cine Fantástico de Castela e León.

MARUSÍA

2019 | 12' | castelán, galego

[Estrea en Galicia]

Dirección e guión: Pedro Sancho

Xefe de produción: Raquel Figueiredo

Fotografía: Carlos Garcés

Son directo: Eloy Táboas e Toni Penido.

Música: The Soul Jacket

Montaxe: Pablo M. Lara

Efectos especiais: Ramses Rivera e Hugo Vieites.

Elenco: Antonio Durán "Morris", Fran Paredes, Mercedes Paz e Bertrán Labraña Areda

Vai de: Juan e Pedro, dous perdedores que non pasan polo seu mellor momento, apuran o seu último licor café no bar da Socia. Fartos da súa situación deciden vingarse do sistema tomando a decisión máis ousada das súas vidas: voar un barco situado nunha concorrida rotonda.

Xénero: Comedia social

O detalle: Pedro Sancho ten o don para a comedia e regresa a Cans coa estrea desta obra inspirada nunha historia real: un barco que está instalado nunha rotonda en Vigo.

THE WIDOW (A VIÚVA)

2018 | 8' | inglés (subtítulos español)

Dirección, guión e produción: Noelia Muíño

Fotografía: Asia Khmelova

Son: Yuan Yuan

Música: Adrián García Planells

Elenco: Allie Shapiro e Graham Powell

Vai de: Virxinia acaba de perder ao seu esposo, ao chegar do seu funeral recibe a visita do seu veciño. El ofrécelle a súa axuda para quitar a cabeza de xabaril que preside o salón, pero esa non será a única razón pola que el está alí.

Xénero: Drama

O detalle: Esta cineasta de O Pino, rodou *A viúva* en Nova York, onde estudia dirección de cine. Mellor Curtametraxe no último OUFF de Ourense.

O QUE MEDRA POR DENTRO

2019 | 17' | galego

[Estrea mundial]

Dirección e guión: Nacho Ozores

Xefe de produción: Silvia Fuentes

Fotografía: Lucía C. Pan

Son directo: Xavier Souto

Música: Luís Álvarez

Montaxe: Iria Silvosa

Elenco: Jaime Olás e Xabier Deive

Vai de: Cris é un ecoloxista medioambiental que loita por repoboar o bosque, no camiño atópase cos indicios dun incendio forestal claramente intencionado a punto de comezar. Tras evitalo, descobre ao responsable intentando amañar o seu erro. Cris fará o posible por impedilo de novo.

Xénero: Drama ecolóxico.

O detalle: Prometedor debut como curtametraxista deste cineasta da Mariña con estrea absoluta no Festival de Cans.

LA PESCADORA

2019 | 10' | Sen diálogos

[Estrea en España]

Dirección e guión: Edu Lavandeira

Produción: Ana Lorenzo Riveiro

Fotografía: Edu Lavandeira

Son directo: Edu Lavandeira

Montaxe: Edu Lavandeira

Elenco: Chela Santalla, Xoán Padín

Vai de: Unha muller íllase nun encoro para pescar. E faino día e noite, dun xeito obsesivo, visceral.

Xénero: Drama, suspense.

O detalle: En só dous meses nos circuitos *La pescadora* leva seis seleccións internacionais en festivais de Canadá, México, India ou Italia.

O QUE PRECEDE A CAÍDA É BRANCO

2018 | 9' | galego

Dirección: Aldara Pagán

Axudante de dirección: Clara Coira

Produción: Clara Coira, Aldara Pagán

Fotografía: Iria Loira

Montaxe: Alicia Alonso

Son: Elba Souto

Elenco: Aldara Pagán, Brais Pedreira, Manu López e Lúa Pagán.

Vai de: "Un irredutible alento de loucura intermitente desquicia o seu pensamento, aínda quente, descubriendo unha sensación insupportable de abandono idealizado".

Xénero: autobiográfico, intimista.

O detalle: Primeira curtametraxe que dirixe e protagoniza esta prometedora cineasta, cuxo equipo técnico está formado enteiramente por mulleres. O título está extraído do libro *O que precede a caída é branco* (2015) da poeta Oriana Méndez.

DE REPENTE, LA NOCHE

2018 | 25' | español

Dirección, producción e montaxe: Cristina Bodelón e Ignacio de Vicente

Guión: Enrique Esteve e Alphonse de la Puente

Fotografía: Octavio Arias

Son: Juan Diego Leal, Jose Antonio Plaza, Mikel Z. Castells

Música: Sergio Moure de Oteyza

Elenco: Marta Nieto, Valeria Schoneveld e Cristóbal Suárez

Vai de: Elena e Mario teñen unha filla que sofre unha grave enfermidade. Para sobrevivir precisa un transplante dun irmán xeneticamente compatible. Tras varios intentos, Elena volve quedar embarazada. Este vez todo vai con normalidade, aínda que a soidade e o medo de perder o amor do seu marido, fan que Elena se suma nun escuro abismo.

Xénero: Drama

O detalle: Cristina Bodelón e Ignacio de Vicente codirixiron varias curtas que tiveron moi boa acollida internacional. *De repente, la noche* obtivo o Premio á Mellor Curtametraxe no Festival Madrid en corto en 2019 e estivo na competición oficial do Festival de Málaga.

SENDEIRO

2018 | 15' | galego

Dirección e guión: Lucía Estévez

Dirección de produción: Silvia Fuentes

Fotografía: Lucía C. Pan

Son: Alberto Blanco

Música: María Rodés e Davide González

Montaxe: Iria Silvosa

Elenco: Cristina Andrade, Xoel Roupar, María Roja e Simón da Torre.

Vai de: Un conto de irmáns. Julia e Manu quedan orfos e vense obrigados a vivir sos na casa familiar, onde o eco dos recordos se mantén presente día tras día. Manu, o irmán pequeno, loita por sacar a Julia da rutina na que se vén somerxidos.

Xénero: Drama familiar.

O detalle: Este nova e prometedora creadora gañou en 2018 o Premio María Luz Morales mellor videoensaio sobre o audiovisual galego por *Muller Personaxe*.



ANIMACIÓN

A Sección Oficial de Animación nesta 16ª edición do Festival de Cans tráenos unha pequena mostra das tendencias actuais e internacionais deste xénero. Dentro desta categoría veremos curtas realizadas por veteranos da animación como Khris Cembe ou Martín Romero e tamén outros traballos realizados por cineastas que proceden das Belas Artes como David Fidalgo Omil e Borja Santomé, asiduos participantes desta sección. Dúas destas cinco pezas serán estrea no Festival de Cans: *Homomaquia* e *Prueba de fuego*, deste xeito, esta categoría volve a converterse nun dos espazos de referencia para gozar da animación en todas as súas vertentes.

HOMOMAQUIA

2018 | 14' | Sen diálogos

[Estrea mundial]

Dirección e guión: David Fidalgo Omil

Produtores: Chelo Loureiro e Mariano Barachet

Fotografía: David Fidalgo Omil

Música: Nani García

Montaxe: David Fidalgo

Vai de: *Homomaquia* preséntanos un mundo onde os seres humanos son tratados como estes tratan aos animais, poñéndoo no papel do touro. A través desta metáfora vemos a violencia e a falta de liberdade que sofren estes animais.

O detalle: Esta é a sexta participación consecutiva de David Fidalgo como finalista da sección de animación en Cans, onde o vimos medrar como creador.

LA NOCHE

2018 | 12' | Sen diálogos

Dirección e guión: Martín Romero

Produtor: Iván Miñambres

Director de arte: Martín Romero

Son: David Rodríguez

Música: Joseba Beristain

Animación: Dalila Rovazzani e José Granelo

Montaxe: Martín Romero

Vai de: Un home Lobo e unha muller Lúa atópanse nunha cálida noite de verán ao lado dun lago e inmediatamente xorde o amor, pero un feito inesperado fará que nada volva ser igual.

O detalle: Premio de guión para o desenvolvemento de curtametraxes en Cinema Jove. Finalista de animación nos Mestre Mateo, Premio de Animación da Comunidade de Madrid e seleccionado a competición no último Festival de Málaga.

SOY UNA TUMBA

2018 | 12' | galego

Dirección e guión: Khris Cembe

Produtor: UniKo

Director de arte e animación: Khris Cembe

Son: David Rodríguez

Música: Víctor García

Montaxe: Khris Cembe

Vai de: Un neno observa agochado como o seu pai descarga tabaco de contrabando na metade da noite na súa vila da costa. Pero esa noite non hai tabaco.

O detalle: Esta curtametraxe do cangués Khris Cembe foi a gran triunfadora dos premios 3D Wire Fest, gañando o premio á mellor curtametraxe e o premio do público. Tamén estivo nominada aos Goya neste mesmo 2019.

PRUEBA DE FUEGO

2019 | 5' | Sen diálogos

[Estrea mundial]

Director e guión: Borja Santomé

Animación: Borja Santomé

Vai de: Amence na gran cidade e temos que enfrontarnos de novo ao ruído e á xente. Unha atmosfera inquietante, un pesadelo diúrno, unha proba de fogo.

O detalle: Borja Santomé, graduado en Belas Artes, estrea a súa nova curta en Cans, despois de gañar o pasado ano a categoría de animación coa súa curta *El Reloj*. Realizou esta curtametraxe en Roma, onde reside actualmente.

LUSCOFUSCO

2019 | 2' | Sen diálogos

Director, guión e montaxe: Javier Portomeñe

Produción: Javier Portomeñe

Vai de: Entre o día e a noite revélase o luscofusco. É nese intre cando o bosque adquire unha dimensión máxica na que podemos ollar aos pequenos seres que o habitan.

O detalle: *Luscofusco* foi unha das curtas finalistas na categoría de Mellor curtametraxe de animación nos Mestre Mateo.



FuraCans – Non Ficción

FuraCans está chamada a converterse nunha das grandes apostas desta XVI edición do Festival de Cans. Nas nove curtas seleccionadas emerxe o traballo dunha interesantísima xeración de realizadoras e realizadores nados, sobre todo, na década do 90. Nesta sección a concurso veremos pezas que exploran diferentes xéneros, que procuran unha mirada propia e persoal e que están marcadas por diferentes estéticas e estilos: dende documentais ao uso, exploracións autobiográficas, pezas experimentais no visual e no sonoro ou obras que transitan nos límites da videocreación. Tres destas nove curtas terán a súa estrea absoluta en Cans (*In touch with the infinite* de Alejandra Pombo, *Palmira* de Rebeca Lar e *Devalar* de Mar García) mentres que *En la boca de la mina* de Brandán Cerviño será estrea en España.

DEVALAR

2018 | 28' | galego

[Estrea mundial]

Dirección e guión: Mar García

Produción: ESCAC Films

Produtora: Inés Pérez Rey

Fotografía: Úrsula Comendador

Música: Sergi Leyva

Vai de: “Devalar” quiere decir “o paso do tempo sobre as cousas”. Esta curtametraxe é o retrato dunha aldea costeira de Ferrolterra ao borde do Atlántico que se debuxa con recordos da infancia da directora.

O detalle: Esta directora de Neda realizou este traballo co apoio da ESCAC de Barcelona, onde nestes momentos está completando a súa formación.

HORA SILENCIOSA

2018 | 14' | español

Dirección, fotografía e montaxe: Noelia Muíño

Vai de: As monxas beneditinas do Convento de clausura de San Paio de Antealtares, situado a beira da Catedral e da turística praza da Quintana en Santiago de Compostela, realizan a súa rutina diaria en total silencio.

O detalle: Para gravar esta peza a realizadora Noelia Muíño tivo que ingresar neste convento compostelán durante varios días e adaptarse ás rutinas e aos horarios das monxas de clausura. Na 14ª edición da MICE do Museo do Pobo Galego levou o Premio á Mellor Película Galega.

CAERÁN LÓSTREGOS DO CEO

2018 | 26' | galego

Dirección e guión: Adrián Canoura

Música: Alejandro Canoura

Elenco: Alejandro Míguez

Vai de: Mística e natureza. Un fenómeno que cabalga entre o mito e a realidade. O abstracto, o intanxible, o incomprendible. Para a sociedade tradicional, esencialmente rural, o trono é un dos peores males; por iso, atribúese ao Maligno e asóciase co demo.

O detalle: Esta peza experimental, baseada nun poema de *Follas Novas* de Rosalía de Castro, foi escollido pola prestixiosa crítica Nicole Brenez como un dos mellores filmes de 2018. En FIL-MADRID conseguía o Premio á Mellor Película na Sección Vanguardias e tamén recollía o Premio Camira, outorgado pola Cinema and Moving Image Research Assambly, plataforma integrada por críticos e académicos de todo o mundo.

CÓMO DESAPARECER

2018 | 6' | Sen diálogos (subtítulos en galego)

Dirección e montaxe: Carlos Martínez Peñalver

Guión: Carlos Martínez Peñalver e Joel Fontán

Producción: OMEN & Nas Beiras

Son: Antía Suárez

Elenco: Joel Fontán, Antía Suárez

Vai de: Joel decide marchar cara un territorio descoñecido, deixando ao seu paso como única pista unhas bobinas de 16mm. Unha mensaxe encriptada onde se entrevistou unha viaxe sobre o desaparego e a busca de unha nova ligazón coa natureza.

O detalle: Carlos Martínez-Peñalver é un habitual nas seccións a concurso do Festival de Cans, onde a súa curtametraxe *Nocturna* levou en 2015 o Premio CREA á mellor dirección. Este director e montador vigués, que comezou realizando videoclips para grupos da escena *underground* galega, está afincado en Barcelona onde traballa no colectivo artístico OMEN.

EN LA BOCA DE LA MINA

2019 | 22' | español

[Estrea en España]

Dirección e guión: Brandán Cerviño

Producción: Sabrina Zimmermann

Fotografía: Fernanda Vázquez

Montaxe: Pablo Hernández

Son: Daniela Fung Macchi

Vai de: A través da xente de El Cobre, unha antiga cidade mineira cubana, coñecemos a celebración da tradición “cimarrón” e recordamos os primeiros levantamentos de escravos. Hoxe a que foi a primeira mina de América Latina está pechada e os seus habitantes viven da venda de esculturas relixiosas.

O detalle: Este realizador de Monforte de Lemos, formouse na Escola de Cine San Antonio de los Baños de Cuba, onde ten realizado varios dos seus traballos. Esta curta terá a súa estrea en España logo de pasar por países como Brasil (Festival É Tudo Verdade).

IN TOUCH WITH THE INFINITE

2019 | 13' | Sen diálogos

[Estrea mundial]

Dirección, guión e montaxe: Alejandra Pombo

Vai de: A natureza, a auga e os animais -sobre todo os felinos- son elementos continuados na obra desta autora. Nesta curta regresa á súa fascinación polas imaxes que emerxen como se abrollaran entre a propia natureza e os fragmentos de músicas diversas que acaban converxendo nun singular proceso creativo.

O detalle: É a primeira vez que o Festival de Cans selecciona unha peza desta artista -que traballa na experimentación coa imaxe en movemento- rebasando as barreiras dos centros de arte, onde se mostra habitualmente a súa obra. A artista traballou na edición desta peza nunha residencia artística que realizou no Santarcangelo Festival (Italia).

PALMIRA

2019 | 11' | galego

[Estrea mundial]

Dirección, guión e montaxe: Rebeca Lar

Vai de: *PALMIRA* é a biografía dunha famosa meiga do barrio vigués de Teis. A través dos recordos e das palabras dunha das súas sobriñas, a peza ofrece unha viaxe ata a Galicia máis máxica.

O detalle: É o debut na realización desta artista, investigadora e docente da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

16-11-2016 / 13-5-2017

2018 | 17' | español-galego

Dirección, guión e montaxe: Marta Valverde

Vai de: Dúas datas que delimitan o período de tempo que abarca este diario visual, un apunte autobiográfico nun caderno levado á imaxe. Unha narración en directo que se despreza como calquera outra historia contada de maneira oral. Os feitos xorden de memoria e aparecen como recordos: a colcha da cama da túa avoa, as albóndegas da túa nai, as conversas na terraza ou a persoa coa que compartías cama.

O detalle: Esta realizadora está interesada na fotografía analóxica e no videoarte. *16-11-2016/13-5-2017* é un videodiario que se puido ver na sección Supernova na pasada edición de Curtocircuíto.

CANDO MAMÁ PECHOU AS CAIXAS

2018 | 16' | galego

Dirección, guión e montaxe: Arancha Brandón

Elenco: Delia Brandón

Música: Denis Carballás

Vai de: Cando a nai da realizadora decide pechar o negocio familiar en A Guarda e trata de buscar a vida con máis de 50 anos aparecen as falsas expectativas sen saber que rumbo coller. Cando esa situación coincide coa época de desorientación similar dos teus fillos, xorde o detonante. Porque o almacenado é máis grande que a túa casa, e a túa casa tamén é túa nai. Un documental sobre a familia, o traballo en familia e a importancia de atoparse a si mesmos.

O detalle: Esta curta foi galardoada na pasada edición do OUFF en Curto e tamén acadou o segundo premio no concurso Curtas Prima organizado polas Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia (Xociviga) do Carballiño.



VIDEOCLIPS

O concurso de videoclips do Festival de Cans, que se celebra na noite do xoves 23 de maio, recolle as propostas audiovisuais e musicais galegas máis recentes. Na selección desta 16ª edición poderemos ver traballos que empregan a animación como José Aragunde e Ana Seoane ou Peque Varela, e outros que combinan o experimental co arquivo de imaxes persoais como nos mostra Rubén Domínguez. A variedade de propostas tamén está presente no musical, onde poderemos escoitar sons que van dende o barullo punk de Contenedor de Mierda á mestura entre a electrónica e o folclore de Baiuca, pasando polo folk de Birds & Cables, o rap de GHZ ou o pop acústico de Silvia Penide.

Duración da sesión: 68 minutos.

1. Igloo – **“G7”**. Dirixe: Lara Isabel Gómez.
2. KADETTGSI – **“Scalextric”**. Dirixe: Emilio Horyaans.
3. Guadi Galego – **“Desdibuxar”**. Dirixe: Carlos Lago.
4. Músculo! – **“What me left behind”**. Dirixe: Rubén Domínguez.
5. Xoana – **“Mártires”**. Dirixe: Andreia Táboas.
6. Birds & Cables – **“Older with you”**. Dirixe: Soledad Rebollo.
7. GHZ feat Hugo Guezeta – **“Veleno”**. Dirixe: Adrián González.
8. La casa de los ingleses – **“Nunca lo veremos”**. Dirixen: José Aragunde e Ana Seoane.
9. Silvia Penide – **“El Salto”**. Dirixe: Pulpiño Viascón.
10. Baiuca feat Aliboria – **“Olvídame”**. Dirixe: Adrián Canoura.
11. Contenedor de mierda – **“Ponte de pijo”**. Dirixe: Sara Iglesias.
12. Pantis – **“Val”**. Dirixe: Rubén Domínguez.

13. Blanco Palamera – **“Sola con mi voz”**. Dirixe: Adrián Canoura.
14. MounQup – **“Totally Wired”**. Dirixe: Camille Hedouin e Didier Jujax.
15. Basanta – **“Gris”**. Dirixe: Xaime Miranda.
16. Berta Franklin – **“Somos incendio”**. Dirixe: Rubén Domínguez.
17. MJ Pérez – **“O fío do que pendo”**. Dirixe: MJ Pérez.
18. Window Pane – **“Vision”**. Dirixe: Pequie Varela.
19. Thee Blind Crows – **“Loco Chamanes”**. Dirixe: Gero Costas.



XURADOS

Xurado Ficción / Animación

Andrés Goteira. Director e guionista.

Co seu primeiro filme *Dhogs* pasou por certames da importancia do Festival Internacional de Sitges ou o BAFICI de Bos Aires. Nos Mestre Mateo de 2018 bateu o récord de premios ao conseguir nada menos que 13 galardóns. Na actualidade prepara a súa segunda película da que presentará un avance de guión en A que andas?

Cris Iglesias. Actriz.

Cris Iglesias é un das actrices máis prometedoras do panorama galego actual. Forma parte do elenco da obra teatral *Eroski Paraíso*, cuxa adaptación cinematográfica se presenta nesta 16ª do Festival de Cans. Ten tamén participado en series como *Fariña* ou *Serramoura*.

Juanjo Giménez. Director e guionista.

É o único director do mundo que pode presumir de ser galardoado en Cannes e Cans. Este director catalán gañou en 2016 a Palma de Ouro en Cannes coa peza *Timecode*, coa que tamén conseguiu ser finalista dos Oscar na categoría de Mellor Curtametraxe. En 2009 gañou o Can de Pedra no Festival de Cans coa súa curta *Rodilla*. Juanjo Giménez dirixiu unha ducia de curtametraxes, documentais e rodará proximamente en Galicia parte da súa nova película *Tres*.

Melania Cruz. Actriz.

Aínda que comezou no teatro, onde segue traballando coa súa compañía iMaquinario, Melania Cruz é rostro coñecido para o público galego por saír en series como *Serramoura* ou *Virandeira*. Nos últimos anos ten interpretado papeis de relevancia en películas como *Dhogs*, *Trote* de Xacio Baño, *A Esmorga* de Ignacio Vilar ou *Arima* de Jaione Camborda.

Xosé Manuel Budiño. Músico e compositor.

Avalado por máis de vinte anos de traxectoria e seis traballos discográficos ás costas, pódese dicir que Xosé Manuel Budiño é un dos grandes da música galega. Despois de tocar por escenarios de todo o planeta, Budiño vén de sacar *Fulgor*, un novo disco que presentará no Invernadoiro de Mucha do Peso e no que explora un son diferente.

Zaza Ceballos. Produtora.

A súa traxectoria como produtora é unha das máis consolidadas no panorama audiovisual galego. Ao fronte da súa produtora Zenit levou a cabo proxectos audiovisuais arredor de figuras como Concepción Arenal, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán, sempre preocupada por visibilizar historias excepcionais de mulleres galegas. Actualmente, vén de co-producir *Elisa e Marcela*, o último filme de Isabel Coixet.

Alberto Vázquez. Director e guionista.

Coas súas curtas *Birdboy* e *Decorado*, baseadas nos seus cómics, e a película *Psiconautas* –estreada no Festival de Cans- Alberto Vázquez conseguiu nada menos que tres Goyas, entre eles o de Mellor Película de Animación. Os seus traballos teñen sido seleccionados e exhibidos nos mellores festivais do mundo, nos que colleitou máis de cen premios internacionais.

Xurado FuraCans (Non Ficción)**Xacio Baño.** Director e guionista.

Director de pezas como *Estereoscopía*, *Ser e voltar* e *Eco*, as curtas de Xacio Baño teñen pasado polo Festival de Cans, do que é un habitual, e polos mellores festivais internacionais. Agora vén de debutar co seu primeiro filme *Trote* que estivo en Locarno e no Festival de San Sebastián.

Liliana Torres. Directora e docente.

Especializada en documental e formada en dirección pola ESCAC de Barcelona, onde é profesora na actualidade, Liliana Torres debutou coa película *Family Tour* en 2013. Este filme levou o premio á Mellor Opera Prima concedida polo Colexio de Directores de Cataluña. Na actualidade está rodando *¿Qué hicimos mal?*, a súa segunda longametraxe.

Isabelle Le Gonidec. Xornalista.

Xornalista na emisora Radio France Internationale, onde está especializada en informacións relacionadas co cine e co ámbito cultural. Ten cuberto numerosos eventos culturais e festivais como o Festival de San Sebastián. Vive en París, pero reside temporadas en Galicia.

Xurado Videoclips**Carlos Alberto Alonso.** Músico e realizador.

Carlos Alberto Alonso foi compoñente da banda de rock Malpaso e tamén realizou curtametraxes como *As Muxicas* (2002). Desde 2016 dirixe a Mostra Videoclips a Esgalla en Ferrol, o único escaparate específico dedicado aos clips que existe en Galicia.

Patricia Moon. Cantante, música e compositora.

Sempre a medio camiño entre a música clásica e o rock, esta artista viguesa perfeccionouse como artista en Berlín e como compositora no Berklee College of Music de Boston. Patricia Moon ten colaborado con artistas como Matt Elliot, Siniestro Total, Los Piratas ou mesmo The Posies. Vén de sacar o seu terceiro disco, *Rock & Love*, que presentará no Festival de Cans.

Paco Serén. Músico, realizador e produtor.

É coñecido por ser membro fundador e guitarrista de Los Piratas. En paralelo á súa carreira de músico, Paco Serén desenvolveu unha fecunda carreira como realizador de clips para a súa propia banda e tamén para artistas como Los Rodríguez, Iván Ferreiro, Ectoplasma –banda da que tamén formou parte- ou Presumido.

Xurado dos veciños

Jesús Rodríguez Quintas, "Suso de Placer"

Ten 54 anos e traballa como camioneiro. Suso é natural do barrio da Pedreira, onde naceu e creceu pero vive agora en Arnoso.

Mercedes Campos, "Mercedes da Graña"

Ten 65 anos e é unha gran afeccionada a cantar (ten formado parte de varios coro). No xurado dos veciños Mercedes representa ao barrio da Graña.

María Lourdes Pereira, "Lourdes do Monte"

Ten 60 anos e vive no barrio do Monte, no máis alto da aldea desde onde divisa todo Cans.

Carmen Quintas, "Mucha de Luis"

Ten 77 anos e traballou máis de 40 anos no matadoiro do Porriño. A súa familia, dende os máis novos ata os maiores, implícase sempre co Festival de Cans. Vive no barrio do Painzal.

Iván Táboas

Iván é o máis novo do xurado dos veciños, ten 25 anos, é enxeñeiro mecánico e vive no barrio da Graña.



MÚSICA

MÉRCORES 22

Día das veciñas e veciños

Pandereteiras de Cans e acordeonistas “Acordecans”

Mércores 22 | 22h00 | Torreiro de Cans

As pandereteiras de Cans e os Acordecans abrirán a programación musical desta XVI edición do Festival de Cans. Na festa da noite das veciñas e veciños contaremos co talento local antes de deixarlle paso á xente que vén a Cans dende o resto de Galicia e do mundo. Os Acordecans tamén participarán no Roteiro Cans Sonoro acompañando a Xurxo Souto o sábado 25 de maio.

XOVES 23

Desfile de chimpíns

Os Zoqueiros

Xoves 23 | 19h30 | Praza do Concello

A banda de gaitas Os Zoqueiros, máximos representantes do folk e da tradición musical galega no Porriño, amenizarán unha das actividades máis icónicas de Cans: o desfile de chimpíns.

Noite LASAL COCINAS

ARIES

Xoves 23 | 23h30 | Praza do Concello

Aries é o proxecto musical da bilbaína afincada en Vigo Isabel Fernández Reviriego. Despois de formar parte de bandas como Electrobikinis e Charades, Aries decidiu continuar o seu camiño en solitario e cultivar o xénero da electrónica sen deixar de facer un pop cheo de luminosidade, voces e harmonías. Aries presentará no Festival de Cans o seu cuarto disco baixo ese nome (e o oitavo da súa carreira) *Juramento Mantarraya* (2019), que co-editan o selo La Castanya e K Records (a prestixiosa discográfica americana de Calvin Johnson), e que supón a mostra máis recente dun talento que tamén se deixou sentir en proxectos como

a banda sonora do videoxogo de PlayStation *Melbits world* ou en cancións e personaxes da serie *Hora de aventuras*.

VENRES 24

MARLANGO

Venres 24 | 20h30 | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

Marlango é o grupo liderado pola cantante e actriz Leonor Watling e o músico Alejandro Pelayo. Co disco homónimo que sacan en 2004 acadaron un gran recoñecemento que os levou a realizar unha xira por España, Portugal, Alemaña, Xapón, etc. Nesta ocasión interpretará temas do seu último disco *Technicolor*. Un traballo musical inspirado en épocas pasadas no que cada canción parece saída da banda sonora dunha película que non existe, pero cun son que resulta totalmente cru, real e contemporáneo. O público de Cans poderá gozar dun concerto cheo de cancións evocadoras e visuais interpretadas con piano e voz, que representan diferentes cores e estados emocionais en función da perspectiva de quen as escoite.

Procesión de chimpíns

Treboada Muimenta

Venres 24 | 22h00 | Saída do Baixo de Moncho

As treboadas do Baixo Miño representan o máis fondo da tradición musical desta zona. Caracterizados polo poderoso uso dos seus bombos e percusións a treboada de Muimenta chegará a Cans para acompañar a procesión de chimpíns dende o Baixo de Moncho ata o Torreiro de Cans.

THE LEGENDARY TIGERMAN

Venres 24 | 00h00 | Torreiro de Cans

Concerto en relación coa proxección de *Fade into nothing* + *Femina*

Detrás de The Legendary Tigerman está o músico portugués Paulo Furtado que vén de abandonar o formato de *one-man band* no que tocaba el só varios instrumentos (batería, a harmónica e a guitarra). The Legendary Tigerman fará no Festival de Cans a única parada en Galicia na súa xira internacional. Tocaré coa súa banda as cancións do seu sétimo e último disco *Misfit*. Un traballo de *punk rock* escuro que foi co-producido por David Catching e gravado no mítico estudo Rancho de la Luna en California, lugar no que teñen gravado os Arctic Monkeys, Iggy Pop ou os Foo Fighters. En paralelo á elaboración deste disco Furtado rodou xunto ao director Pedro Maia e Rita Lino a película *Fade into nothing*, una historia que axuda á conceptualización do disco, e que conta a historia dun home que quere desaparecer.

BFLECHA DJ Set

Venres 24 | 02h00 | Torreiro de Cans

BFlecha é un dos nomes imprescindibles da electrónica nacional. A produtora e DJ viguesa Belén Vidal estará a noite do venres no Torreiro en formato DJ Set. Despois de sacar dous

álbums *Beta* e *Kwalia* volvía á carga en 2018 coa publicación de dous singles “Ctrl. Escape” e “Arecibo”, un adianto do novo disco que se espera para finais de ano, e que enunciaba coas palabras “é un novo comezo”. En paralelo continúa a súa traxectoria co formato DJ Set movéndose entre o r&b futurista, a electrónica, o pop e a música urbana contemporánea.

SÁBADO 25

Banda de Música de Rubiós

Sábado 25 | 13h00 | Pasarrúas dende a Rotonda do Cans e sesión vermú NORDESÍA no Torreiro de Cans

A banda de música de Rubiós vén dende o veciño concello de As Neves e ten o estatus de lenda na provincia de Pontevedra, onde leva amenizando as festas coa súa música dende 1892. Esta histórica banda poñerálle ritmo e movemento ao pasarrúas que vai dende a Rotonda do Can ata o Torreiro, ademais de amenizar a sesión vermú.

CHISME

Sábado 25 | 16h00 | Invernadorio de Mucha do Peso

Concerto + estrea mundial de ***SYD. Efectos especiales dejan de ser especiales con el tiempo*** dirixida por Fernando Epelde

Prezo: 5€

Chisme é o proxecto musical do poliédrico Fernando Epelde, tamén coñecido polo seu traballo como dramaturgo, compositor e singular creador de imaxes. No seu novo disco *Médium* (2019), que editará o selo Raso, atopamos bases electrónicas que se tinxen con *samplers*, toques de hip-hop e o pop máis bailable. As súas letras dispersas e multireferenciais e as proxeccións persoais e convulsas que o acompañan no escenario compoñen unha proposta paranoica e arriscada. Chisme é o médium entre o aquí e o máis alá.

MJ PÉREZ

Sábado 25 | 16h30 | Escenario Fundación SGAE – Cans Voulevar

Nos últimos meses, moita xente chegou a MJ Pérez a través de “Malaxente”, a versión na que fusionaba á Rosalía de “Malamente” cos versos de “Castellanos de Castilla” da nosa Rosalía de Castro. Esta fusión puido resultar sorprendente para quen tivese a esta artista por unha cantautora, pero é que MJ Pérez non é unha cantautora ao uso: dende a esencia da canción de autor con voz e guitarra, a arzuana introduce sen prexuízos distintos estilos, sempre coa palabra e a mensaxe dos temas en primeiro plano e cunha ética de traballo admirable na que se ten ocupado da produción ou edición de álbums como *Cassandra* e *Guerrilleira*. Unha figura emerxente da música pop en galego a non perder.

PATRICIA MOON

Sábado 25 | 18h30 | Escenario Fundación SGAE – Cans Voulevar

A polifacética Patricia Moon é cantante, compositora, violinista e pianista. A súa discografía conta xa con tres álbums *Patricia Moon*, *Oxytocin* e *Rock & Love*, no concerto que dará no escenario Fundación SGAE cantará temas deste último disco. Na súa traxectoria destacan tamén as súas numerosas colaboracións: nomes do prestixio de Sinistro Total ou Los Piratas, e outros como The Posies, Matt Elliott ou Ken Stringfellow (REM, Big Star) no ámbito internacional proban o recoñecemento unánime do seu talento. Entre os seus proxectos destacan *Amy Winehouse Experience*, homenaxe á diva do *soul* xunto a Robin Banerjee, guitarrista orixinal da banda de Winehouse, e *Ramonas On Tour*, iniciativa que toma como obxectivo a visibilización da muller a través da industria cultural.

BUDIÑO

Sábado 25 | 19h00 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Retrospectiva de videoclips + concerto Presentación de *Fulgor*

Prezo: 5€

Despois de tocar en escenarios de todo o mundo e de seis anos de silencio Budiño publicaba en xaneiro deste ano *Fulgor*, un disco composto e producido por el mesmo, e no que tamén adaptou poemas de Antía Otero e escribiu as letras en colaboración con artistas como Xoel López, Vega ou Depedro. Neste traballo, que supón o sétimo disco da súa carreira, da un sorprendente xiro cara o pop-indie e un paso adiante na interpretación ao cantar todos os temas de *Fulgor*. A actuación que dará o sábado será unha oportunidade única para coñecer de primeira man o seu álbum máis libre de xénero, máis plural e máis contemporáneo, ou como el mesmo o define, un “universo musical cun pé na raíz e outro no abismo”.

DAKIDARRÍA (acústico)

Sábado 25 | 20h30 | Torreiro de Cans

Dakidarría celebrarán no Torreiro de Cans os seus quince anos de traxectoria. Esta banda converteuse nun dos nomes esenciais da música do país, coa súa capacidade de pasar do *ska* aos ritmos urbanos ou do *reggae* ao *punk*, ao tempo que transmiten unha mensaxe rebelde e de loita. Coas súas xiras teñen chegado aos escenarios de festivais multitudinarios dende o Val Miñor ata México, pero en Cans teremos a oportunidade de achegarnos a eles con intimidade: veñen nun formato acústico e case que de taberna, unha reunión amigable co grupo preto do público para poder tocarse, fálarse e cantar.

ANTÓN REIXA (MELANCOHOLEMIA)

Sábado 25 | 22h00 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Estrea do espectáculo de música e imaxes *Melancholemia*

Prezo: 5€

Tras estar apartado un tempo dos escenarios o líder de Os Resentidos Antón Reixa volve ao Festival de Cans para presentar por primeira vez en Galicia *Melancholemia*, unha proposta experimental, que vén de pasar polo WOMAD de Cáceres, e que combina a música con ritmos e melodías abertas, imaxes e versos. Neste proxecto atoparemos imaxes do realizador Antonio Segade, inseparable compañeiro de viaxe, e as bases musicais de Cachopou ou do Hevi, cerebro de Maladrómeda.

RAICEIRA

Sábado 25 | 22h00 | Escenario Fundación SGAE – Cans Voulevar

De entre a riqueza de propostas que traballan co folclore galego, a de Raiceira destaca pola súa personalidade e orixinalidade: estas dúas lucenses parten de melodías da nosa tradición popular pero reinterpretástanas mesturando as influencias de diferentes estilos, instrumentacións e aprendizaxes. Deste xeito, un instrumento normalmente asociado á música clásica como o violonchelo mestúrase coa gaita ou as percusións de man, nun repertorio que respecta as características propias da orixe xeográfica de cada peza e o carácter feminino das melodías, transmitidas principalmente por mulleres de xeración en xeración.

Sesión Discochimpín: Seila Esencia DJ

Sábado 25 | 23h00 | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

Seila Esencia é unha cantante, compositora e artista de hip-hop viguesa. Na súa traxectoria, en solitario ou coa banda Phantom Club, ten colaborado con artistas como Ariel Rot, El Puto Coke, Andy Chango ou Marta Sánchez, armando festa en escenarios de España, Francia, Portugal ou Bélxica. En Cans terémola para ofrecernos un DJ show tan cargado de funk, soul, rap e rock como a súa propia música.

Concerto Estrella Galicia

WYOMING Y LOS INSOLVENTES

Sábado 25 | 00h30 | Torreiro de Cans

A estas alturas todo o mundo sabe quen é o Gran Wyoming, sexa pola súa labor como presentador de *El Intermedio* ou *Caiga Quien Caiga* ou por unha carreira cinematográfica na que ten traballado con cineastas como Fernando Trueba, Álex de la Iglesia ou Carlos Saura. Pero o público habitual de Cans coñece tamén a que é a súa auténtica paixón: tocar *rock and roll*. Dende os seus inicios no mundo do espectáculo co mítico Maestro Reverendo, Wyoming tense desatado nos escenarios mesturando a electricidade co sentido do humor. Acompañado dos potentísimos Los Insolventes, nos seus concertos actuais percorre as cancións que máis o marcaron, trazando unha historia do rock dende o Chuck Berry dos anos 50 ata temas actuais, pasando por clásicos máis próximos como Rosendo, Los Bravos ou Sinistro Total. Wyoming celebrará en Cans o décimo aniversario da súa banda, quen sabe se con algunha sorpresa...

Sesión Discochimpín: LA DUENDENETA DJ

Sábado 25 | 02h00 | Torreiro de Cans

A Duendeneta DJ percorreu moitas das grandes festas e festivais de Galicia e non podía faltar en Cans. O equipo de pinchadiscos residentes de La Duendeneta, liderado polo crítico e xornalista musical Carlos Crespo, ofrece unha ampla bagaxe para facer gozar a todo tipo de públicos de idades e gustos diferentes. A Duendeneta DJ será a encargada de amenizar a festa da derradeira noite do festival ao remate do concerto de Wyoming y los Insolventes.



FILME DE APERTURA

EROSKI PARAÍSO

2019 | 75' | Galego, castelán

Dirección: Jorge Coira e Xesús Ron

Guión: Chévere

Produción: Chévere e OlloVivo

Elenco: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Cristina Iglesias, Luis Martínez e Fidel Vázquez

Montaxe: Lucía Iglesias e Jorge Coira

Son: Juan Gay

Postproducción de imaxe: Alfonsin Digital Lab

Postproducción de son: Soundtroop

Dirección de arte: Antonio Pereira e Chévere

Dirección de produción: Gaspar Broullón e Patricia de Lorenzo

Vai de: Alejandra regresa a Muros para rodar o seu proxecto final da escola de cine. Leva tempo querendo facer un documental que conte a historia dos seus pais, como se coñeceron na sala de festas Paraíso e como unha noite mudou para sempre as súas vidas. Pero Eva e Antonio levan anos separados, a vella discoteca é hoxe un supermercado Eroski e os recordos nunca espertan como os imaxinas. Con todo, esta é a súa película.

O detalle: Adaptación cinematográfica da obra teatral do mesmo título realizada por Chévere. Esta compañía recibiu no ano 2014 o Premio Nacional de Teatro.

Xoves 23 | 20h00 | Círculo Recreativo e Cultural do Porriño

Coa presenza dos directores Jorge Coira e Xesús Ron, parte do equipo técnico e o elenco do filme: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira e Cris Iglesias.



RETROSPECTIVA HANNES STÖHR

O cineasta alemán **Hannes Stöhr** será o protagonista da **primeira retrospectiva internacional da historia do Festival de Cans**. Esta panorámica achegará tres das súas longametraxes, moi marcadas pola temática social e toques de comedia, que compoñen case a totalidade da súa filmografía: *One Day in Europe* (2005), traducida aquí como *Galatasaray-Dépor* (2005), *Berling Calling* (2008) e a máis recente *Global Player* (2013).

Hannes Stöhr é un realizador que está moi vinculado a Galicia. Durante os anos noventa viviu unha tempada en Santiago de Compostela, cidade na que estableceu contacto e amizade con actores e actrices **como Miguel de Lira, Luis Tosar e Blanca Cendán, que logo formarían parte do elenco da película *Galatasaray-Dépor***. O realizador estará presente no Festival de Cans dende o día 22 de maio para ter encontros co público, para participará no coloquio Café con CREA e para falarnos do guión da súa próxima longamentraxe, na que volverá retomar a conexión Galicia-Alemaña.

BERLIN CALLING

2008 | 100 minutos | alemán (con subtítulos ao español)

Dirección e guión: Hannes Stöhr

Música: Paul Kalkbrenner

Fotografía: Andreas Doub

Montaxe: Anne Fabini

Produción: Sabotage films GmbH e Stöhrfilm

Elenco: Paul Kalkbrenner, Rita Lengyel, Corinna Harfouch, Araba Walton, Peter Schneider, Megan Gay, Udo Kroschwald, Henriette Müller, RP Kahl e Dirk Borchardt.

Vai de: Martin Karow é DJ Icarus, un famoso produtor e DJ de electro que está no seu mellor momento. A súa vida pasa pinchando en clubs nocturnos arredor de todo o mundo e os días indo de aeroporto en aeroporto coa súa moza e manager Mathilde. Un día despois dunha das súas actuacións Martin acaba ingresando de urxencia nun hospital psiquiátrico debido aos seus excesos coas drogas.

Xénero: Drama. Musical.

Detalle: Esta película pasou polas Seccións Oficiais do Festival de Cine de Locarno en 2008 e polo Festival Internacional de Cine de Gijón (entre outro). Recibiu o premio á Mellor película, Mellor guión e Mellor música no Festival FBW Wiesbaden en 2009.

Sábado 19 | 20h00 | Círculo Recreativo Cultural do Porriño

ONE DAY IN EUROPE [GALATASARAY- DÉPOR]

2005 | 95 minutos | alemán – ruso – francés – inglés – español – húngaro – galego (con subtítulos)

Dirección e guión: Hannes Stöhr

Produción: Filmanova e Moneypenny Filmproduktion GmbH

Música: Florian Appl

Fotografía: Florian Hoffmeister

Montaxe: Anne Fabini

Elenco: Megan Gay, Luidmila Tsvetkova, Andrei Sokolov, Oleg Assadulin, Vita Saval, Nikolai Svechnikov, Luis Tosar, Boris Arquier, Florian Lukas, Erdal Yildiz, Nuray Sahin, Ahmet Mumtaz Taylan, Péter Scherer, Miguel de Lira, Rachida Brakni, Kirsten Block, Tom Jahn, Facundo Diab.

Vai de: Esta película narra catro historias que suceden o mesmo día que se celebra a final da Champions entre o Galatasaray de Istambul e o Deportivo da Coruña. En catro cidades diferentes de Europa suceden roubos de equipaxe que lle ocasionan problemas aos protagonistas (unha muller de negocios en Berlín, un peregrino húngaro en Santiago, un excursionista en Istambul e unha parella francesa en Berlín), estes teranse que entender coa policía a pesar das diferenzas lingüísticas.

Xénero: Comedia, fútbol. Película de episodios.

Detalle: Unha das historias sucede en Santiago de Compostela, cidade na que o director viviu un tempo nos anos 90, e onde coincidiu cos actores que se movían arredor da Sala Nasa. No filme participan Miguel de Lira e Luís Tosar (entre outros).

Domingo 19 | 20h00 | Círculo Recreativo Cultural do Porriño

GLOBAL PLAYER

[ESTREA EN GALICIA]

2013 | 98 minutos | alemán (con subtítulos)

Dirección e guión: Hannes Stöhr

Produción: Sabotage Films GmbH, Stoehrfilm, ARD Degeto Film, Bayerischer Rundfunk e ARTE.

Fotografía: Andreas Doub

Música: Florian Appl

Montaxe: Simone Klier

Elenco: Christoph Bach, Walter Schultheiß, Inka Friedrich, Ulrike Folkerts, Stefan Hallmayer, Monika Anna Wojtyllo, Rita Lengyel, Harvey Friedman, Hans-Jochen Wagner, Henriette Müller e Berthold Biesinger.

Vai de: A empresa familiar Bogenschuetz & Sons fabricou durante xeracións máquinas de textil nunha pequena cidade do sur de Alemaña. Pero hoxe en día a demanda baixou pola competencia asiática. Michael Bogenschuetz vese forzado a negociar unha venda cos chinos ás agachadas do seu pai.

Xénero: Comedia dramática. Familia.

Detalle: Esta película poderase ver por primeira vez en Galicia logo de pasar polo Festival Internacional de Cinema Jove de Valencia un ano despois da súa estrea. Non chegou a estrearse nas salas de cine españolas e terá no Festival de Cans a súa estrea en Galicia.

Xoves 23 | 17h00 | Círculo Recreativo Cultural do Porriño
Coa presenza do director

OUTRAS PROXECCIÓNS

GALLO

2018 | 72' | castelán

Dirección: Antonio Díaz Huerta

Guión: Antonio Díaz Huerta e Sergio Frade

Produción: Luisa Romeo, Gentzane Martínez de Osaba, Sergio Frade e Álex García de Vicuña

Produtoras: Frida Films e Marmoka Films

Montaxe: Susana Sotelo

Fotografía: Jon Aguirresarobe

Música: Vincent Barriere e Carlos de Castro Fraga

Son: Néstor Luz

Elenco: Aitor Francesena "Gallo"

Vai de: "Gallo" naceu en Zarautz e dende moi pequeno interesouse polo mar e o surf, deporte que o marcaría para sempre. Un glaucoma conxénito fíxolle perder a visión do ollo dereito cando tiña tan só catorce anos. Aos 39 anos sufría un novo revés, nun accidente facendo surf perdía a vista por completo. Lonxe de deixalo, Gallo aprendeu a moverse con autonomía, volveu a practicar o seu deporte favorito e conseguía ser Campión do Mundo de Surf Adaptado en 2016. Unha emotiva historia sacrificio, superación e amizade.

O detalle: Esta película participou na sección ZINEMIRA no Festival de Cine de San Sebastián na edición de 2018.

Mércores 22 | 16h30 | Baixo de Bugarín

Coa presenza de Sergio Frade, produtor e co-guionista do filme



AUDIOVISUAL E MÚSICA

PAULO FURTADO

Paulo Furtado (máis coñecido como Tigerman) é un artista inqueda que nos últimos anos afondou no mundo do cinema, onde en relación á súa música, **dirixiu e guionizou un conxunto de pezas en súper-8 incluídas dentro do disco *Femina*** –un traballo que foi disco de platino en Portugal e que acaba de cumprir dez anos–. Nesta sección tamén veremos a peza ***Fade into nothing***, realizada polo director Pedro Maia en colaboración co propio Furtado e a fotógrafa Rita Lino.

Proxeccións en relación ao concerto de The Legendary Tigerman ás 00h30 no Torreiro.
Coa presenza do músico e director Paulo Furtado
 Entrada libre

FADE INTO NOTHING

2018 | 70' | inglés (con subtítulos ao portugués)

[Estrea en España]

Dirección: Pedro Maia

Guión: Paulo Furtado, Pedro Maia e Rita Lino

Produción: Bando à Parte (Rodrigo Areias)

Fotografía: Rita Lino

Música orixinal: Paulo Furtado (The Legendary Tigerman)

Elenco: Paulo Furtado, Mayumi Pereira e Rita Lino

Vai de: Un *road-trip* en forma de falso diario sobre a viaxe dun home que, máis que desaparecer, pretende non ser nada, procura converterse en nada.

O detalle: Cans acollerá a estrea en España desta película gravada no deserto de California. *Fade into nothing* pasou polo Indie Lisboa en 2017.

Venres 24 | 18h30 | Baixo de Bugarín

FEMINA

2009 | 45'

Dirección: Paulo Furtado

Música: The Legendary Tigerman

Xénero: Videoclips. Musical.

Vai de: O músico Paulo Furtado coñecido artisticamente como The Legendary Tigerman publicaba *Femina* en 2009, un traballo que acaba de cumprir dez anos e que foi disco de platino en Portugal. Furtado dirixiu e guionizou un conxunto de pezas en súper-8 que acabaron formando un videoclip para cada canción do disco. *Femina* mutou nun proxecto cinematográfico-musical máis ambicioso e converteuse nunha homenaxe as mulleres e ao rock. O detalle: Furtado dirixiu, gravou e cantou en *Femina* con actrices e cantantes como a icónica María de Medeiros, a actriz italiana Asia Argento ou a cantante canadense de electrónica Peaches.

Sábado 25 | 16h00 | Jalpón de Alicia

INVERNADOIRO DE MUCHA DO PESO

Na pasada edición o Invernadoiro e o Jalpón de Mucha do Peso e o seu home Juan converteuse nun dos espazos estrela do Festival de Cans. Este ano a estrutura de aceiro deste vello invernadoiro de caraveis acollerá un aumento de programación tendo así máis peso e relevancia. Os contidos do Invernadoiro sempre buscan o nexo da música co audiovisual e están pensados para un público reducido ao que lle gustan *delicatessen*. Nesta XVI edición este espazo singular acollerá varias obras inéditas que verán por primeira vez a luz en Cans.

Proxección da película SYD, de Fernando Epelde + actuación de CHISME

Sábado 25 | 16h00 | Jalpón de Mucha do Peso

Prezo: 5€ (concerto de Chisme + proxección de SYD)

Fernando Epelde é un dos creadores galegos máis polifacéticos e interesantes dos últimos anos. A través da súas facetas como actor, dramaturgo ou músico, Epelde reencarnouse en diversos nomes que van desde *El Tonto del Pueblo* a *Raposo* ata chegar a *Chisme*. A súa estética ten unha personalidade moi marcada onde se mesturan a serie B, a banda deseñada e a experimentación. Un selo que está presente na súa música pero tamén no seu primeiro filme. É un honra poder proxectar o seu debut como cineasta no Festival de Cans.

SYD. Efectos especiales dejan de ser especiales con el tiempo

2019 | 65' | castelán

[Estrea mundial]

Dirección, guión e montaxe: Fernando Epelde

Fotografía: Pablo Zapata

Son: Nacho Abad

Dirección de arte: Aïda Gómez

Música: Fernando Epelde

Elenco: Miguel Insua, Marta Pazos, Hugo Torres, Daniel Méndez, Alberto Basas, Isabel Dimas, Fernando Epelde, Aïda Gómez.

Vai de: Isidoro Medró, coñecido como Syd, foi un importante director de efectos especiais e creou ao mítico extraterrestre da película *Vecino*. Agora, a súa produtora encargoulle a súa filla Sofía unha reedición do filme con novos efectos dixitais. SYD é unha película sobre dúas xeracións, sobre un mundo obsoleto e a súa loita contra a velocidade do contemporáneo.

Xénero: Serie B. Comedia negra.

O detalle: Fernando Epelde ten realizando diferentes proxectos de videoarte e videoclips para os seus proxectos musicais. Nesta 16ª edición de Cans estreará SYD, unha especie de comedia sobre a necesidade de aproximar os relatos aos feitos nunha época de posverdade e manipulación da memoria.

Coa presenza do director, da actriz Marta Pazos, o actor Miguel Insua e o equipo do filme.

BUDIÑO

Sábado 25 | 19h00 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Prezo: 5€ (retrospectiva de clips + concerto de Budiño)

Músico, compositor e gaiteiro excepcional, Xosé Manuel Budiño ten as súas costas unha traxectoria artística de máis de vinte anos. A principios de ano sorprendía ao público coa publicación do seu novo disco *Fulgor*, o sétimo da súa carreira. O novo Budiño revélase como un magnífico compositor de cancións dando o salto ao xénero pop, e gravando, producindo e mesmo cantando todos os temas coa complicitade de artistas como Depedro ou Xoel López.

Esta será unha oportunidade única para ver e coñecer de primeira man a súa evolución. Na escolma de clips poderemos ver pezas de realizadores habituais en Cans como Enrique Otero ou Roi Fernández, outros clips rescatados do esquecemento como é “Rapabestas” feito por Tareixa Montes coa colaboración de Jorge Coira a finais dos anos 90. Tamén se proxectará o videoclip de “Frida”, un dos temas de *Fulgor*, gravado en México e que supón o debut de Budiño como realizador.

LISTADO DE CLIPS:

- “Rapabestas” (1998), dirixido por Tareixa Montes e Jorge Coira.
- “Ortegal” (2011), dirixido por Enrique Otero.
- “Nubeiros e Tronantes” (2013), dirixido por Roi Fernández.
- “Santiago” (2019), dirixido por María Gutiérrez e Marcos Martínez.
- “Frida” (2019), dirixido por Xosé Manuel Budiño

ANTÓN REIXA

Sábado 25 | 21h30 | Invernadoiro de Mucha do Peso

Prezo: 5€ (Estrea do espectáculo de *Melancholema*)

Duración: 50 minutos

Antón Reixa volve aos escenarios para presentar en Cans un novo proxecto propio. *MELANCOHOLEMIA* é unha proposta experimental que mestura música, imaxes e versos. Neste espectáculo non faltará a ironía e o sarcasmo que caracteriza as obras de Reixa, nin ese toque e estilo persoal ao empregar “palabras sampleadas” como ben o define o xornalista e poeta Daniel Salgado. O Festival de Cans acollerá nesta sesión nocturna do Invernadorio a estrea en Galicia deste *collage* visual e sonoro que vén de pasar polo WOMAD de Cáceres. Señoritas e señores... Antón Reixa está de volta!

MELANCOHOLEMIA (Vida de Lonesome Mamarracho-Persoa)

[Estrea en Galicia]

Performance de videopoesía

Textos: Antón Reixa

Imaxes: Antonio Segade

Bases: Cachopou, Hevi de Malandrómeda, Antón Reixa.

Vai de: Un mamarracho descubre que carece de forma de ser e comeza un itinerario monologante por un mundo solitario partindo da vella Suevia (Galicia) para desembocar nas ruínas subacuáticas dun submarino ruso.



JALPÓN DOS OSCAR

Sábado 25 | 18h00 | Jalpón de Alicia

Coa presenza de Juanjo Giménez, Rodrigo Sorogoyen e Marta Nieto, protagonista da curtametraxe *Madre*.

Prezo: 3€

MADRE

2017 | 18' | castelán

Dirección e guión: Rodrigo Sorogoyen

Producción: Caballo Films, Malvalanda e Apache Films.

Fotografía: Álex de Pablo

Música: Olivier Arson

Elenco: Marta Nieto, Blanca Apilanez e Álvaro Balas

Xénero: Thriller. Drama.

Vai de: Unha nai recibe a chamada do seu fillo de sete anos que está de vacacións co seu ex-marido polo País Vasco francés. Ao principio a chamada é motivo de alegría, pero axiña se converte nun pesadelo cando o neno lle di que non se atopa na praia só, que o seu pai non está con el.

O detalle: Esta curta leva máis 200 seleccións e máis de 100 premios, entre eles, foi nominado aos Oscars en 2017 e premiado como Mellor Curtametraxe de Ficción nos Goya de 2018.

TIMECODE

2016 | 15' | castelán

Dirección: Juanjo Giménez

Guión: Pere Altimira e Juanjo Giménez

Fotografía: Pere Pueyo

Música: Iván Cester

Xénero: Comedia. Musical

Elenco: Lali Ayguadé, Nicolás Ricchini, Vicente Gil, Pep Domenech

Vai de: Luna é vixiante de seguridade que traballa no aparcamento dunhas oficinas. Cansa da monotónia e do seu xefe, alterna quendas con Diego, a quen ve só uns segundos ao día. A partir dun descubrimento atopa a maneira de comunicarse co seu compañeiro.

O detalle: *Timecode* estivo nominada aos Oscar. Juanjo Giménez é o segundo director español que gaña a Palma de Ouro en Cannes en toda a historia do festival. O primeiro gañador foi Luís Buñuel. Tamén gañou en 2017 o Premio do Cine Europeo.



NOITE DAS HOMENAXES

Venres 24 | 22h30 | Torreiro de Cans

Premio Pedigree 2019: Carlos Blanco

Este ano o Festival de Cans outorgará o seu máximo galardón ao actor Carlos Blanco como recoñecemento pola súa traxectoria de case tres décadas no mundo da interpretación. Blanco converteuse nun dos actores máis icónicos e coñecidos de Galicia trala súa participación en máis dunha ducia de series de televisión que van dende *Mareas Vivas* á súa magnífica interpretación do personaxe de Laureano Oubiña na serie *Fariña*. Aínda que súa figura está asociada á comedia e ao monólogo, Carlos Blanco tamén traballou no cine ás ordes de directoras e directores como Andrés Goteira, Patricia Ferreira, Clive Gordon, Gerardo Herrero ou Pedro Almodóvar.

Malia á súa popularidade como actor, nunca renunciou a poñerse en mans de directores de curtametraxes, elixindo sempre os seus traballos e demostrando unha versatilidade que vai máis alá dos territorios da comedia que tan ben domina. Aquí poderíamos falar de *Temporada 92-93* ou *Amistad*, ambas pezas de Alejandro Marzoa; de *Desayuno con diadema* de Óscar Bernárker – premio ao mellor actor no Festival de Alicante- ou *Mal de Sangue* de Pedro Díaz, co que gañou o premio ao mellor actor no Festival de Cans 2013. Todo este traballo no mundo das curtas poderase ver nunha retrospectiva nesta edición do Festival de Cans.

Carlos Blanco recollerá o testigo de Chelo Loureiro, homenaxeada de honra na pasada edición, e deixará a súa pegada no Torreiro das Estrelas na Noite das Homenaxes o venres 24 de maio. O seu nome súmase ao unha longa lista de recoñecidos Premios Pedigree como Luís Tosar, Antón Reixa, Emma Lustres, Ernesto Chao, Mabel Rivera, Manuel Manquiña, María Bouzas, Chete Lera, Celso Bugallo, María Pujalte, Javier Gutiérrez, Antonio Durán “Morris” ou Xavier Villaverde.

CHIMPÍNS DE PRATA – PREMIOS “PEPE PUIME”

Nieves Rodríguez. Esta actriz, nada en San Sebastián pero criada en Tui, é unha entusiasta do Festival de Cans, ao que acode ano tras ano. Coñecida primeiro polas súas aparicións como presentadora de televisión en programas como *Luar* ou *Desde Galicia para el mundo*, Nieves Rodríguez ten tamén unha prolífica carreira como actriz en series como *Rías Baixas*, *Pazo de familia* ou a actual *Serramoura*. Desde 2017 ata o pasado mes de febreiro foi a presidenta da Asociación de Actrices e Actores de Galicia, entidade dende a que apoiou e participou numerosos coloquios no marco do festival. Por toda esta implicación co festival, a organización decidiu premiala este ano co “Chimpín de prata – Premio Pepe Puime”, distinción que se lle outorga ás persoas polo seu compromiso con Cans.

Paz Acuña e Rafa González. Como en cada edición o festival reconece o traballo das veciñas e veciños da aldea de Cans. Paz e Rafa forman unha parella que se converteu case desde os inicios do certame nuns anfitrións imprescindibles durante a celebración do Festival. A súa casa no barrio do Castillo é moito máis que o lugar onde arranca o sábado, Día Grande do festival, a procesión de chimpibuses. Paz e Rafa deixan a súa cociña, os seus baños e o seu xardín para organizar e facer a comida que acolle a todas as convidadas e convidados do festival.

Ademais, ao longo dos anos, foron transformado o baixo da súa casa nunha sorte museo recompilando fotografías e recortes de revistas e xornais a través dos cales se pode seguir e recapitular a historia cinéfila do festival. Neste espazo pódense ver xoias como a imaxe de Luis Tosar na nosa primeira edición, un retrato de Javier Krahe nun chimpín ou o rexistro da primeira visita de Javier Gutiérrez a Cans.

Pola súa labor e xenerosidade a asemblea da Asociación Cultural Arela premia co Chimpín de Prata a Paz Acuña e Rafa González. Como recoñecemento os seus nomes pasarán a formar parte do muro dos chimpíns xunto co resto de veciñas e veciños homenaxeados ao longo da traxectoria do festival.

CHIMPÍN DE PRATA – PREMIO “DIVINA CAMPOS”

Pilar Comesaña. O Festival de Cans concede por primeira vez o Chimpín de Prata “Divina Campos”, bautizado en recordo da nosa veciña, pintora, pandereteira, narradora oral e entusiasta do festival. Este premio servirá para dar un recoñecemento específico a persoas do mundo da comunicación que teñan contribuído a dar a coñecer Cans. Nesta 16ª edición o festival concédelle este pequeno premio á xornalista Pilar Comesaña polas súas máis de tres décadas dedicadas ao xornalismo cultural.

Pilar Comesaña traballa actualmente no programa *ZigZag Diario* da Televisión de Galicia, continuando unha traxectoria ligada moi de preto á cultura. Ao longo da súa carreira, Pilar ten dirixido programas como *Dezine* ou *Planeta Cine*, e participado de publicacións que recolleron a vangarda da creación galega do seu momento, como *Compostelán* ou *Pharo the Bego*. No audiovisual ou na prensa escrita, o traballo desta xornalista destaca polo seu compromiso coas creadoras e creadores, dando un necesario espazo a aqueles que comezan as súas carreiras.

Por isto, a asociación Arela, organizadora do Festival, outorga este premio a Pilar Comesaña, en recoñecemento a un traballo imprescindible (e non sempre visible), sen o cal non se pode entender a historia cultural e cinematográfica de Galicia.



ENCONTROS E COLOQUIOS

Coloquio na Leira con Rodrigo Sorogoyen

Sábado 25 | 12h00 | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

Rodrigo Sorogoyen (Madrid, 1981) é un dos directores españois máis importantes do momento. Dende a estrea de *Que Dios nos perdone* en 2016, é dicir, hai tan só tres anos, o seu nome comezou a facerse máis e máis popular. O despegue da súa carreira confirmouse este último ano coa nominación ao Oscar pola curtametraxe *Madre* -protagonizada pola actriz Marta Nieto - e o éxito da súa nova película *El reino*, gran triunfadora nos últimos Goya. A súa obra conxuga a orixinalidade e a inventiva propias do cine de autor co talento para o cine de xénero, conseguindo integrar no thriller temas de gran impacto social como a corrupción ou a crise económica, a miúdo a través de personaxes complexos que se enfrontan a situacións límite.

Aínda que Rodrigo Sorogoyen comezou a traballar como director e guionista de ficción en coñecidas series de televisión como *Impares*, *La Pecera de Eva* ou *Frágiles*, pronto daría o salto ao cinema. En 2008 debutaba coa comedia romántica *8 citas* xunto ao realizador Peris Romano, un preludio ao seu primeiro gran recoñecemento, que non chegaría ata 2013. Ese ano estrea *Stockholm*, unha película auto-producida e financiada con crowdfunding, que gañou tres Biznagas de Prata no Festival de Cine de Málaga (entre eles o premio á mellor dirección e ao mellor guión novel realizado xunto a Isabel Peña). Logo chegou *Que Dios nos perdone*, xa cun maior presuposto e confirmando as expectativas: este thriller policíaco no que o contexto social da crise económica se deixaba ver de fondo destacou polas interpretacións de Roberto Álamo ou Antonio de la Torre e foi premiado en San Sebastián. A partir deste punto, o seu nome comezaría a ser coñecido internacionalmente con *Madre*, unha peza que acumula máis de cen premios, entre eles, o Goya á Mellor curtametraxe de ficción en 2018 a nominación aos Oscar en 2019 na mesma categoría. En xaneiro deste ano estreou *El reino*, o seu último filme ata o momento. Esta película, que trata sobre a corrupción en España, arrasou nos premios Feroz e nos Goya, levando os galardóns á Mellor dirección, ao Mellor guión orixinal e ao Mellor actor de reparto, para o galego Luis Zahera

Café con CREA: coloquio con Hannes Stöhr

Venres 24 | 10h00 | Baixo de Moncho

O Festival de Cans acolle, como cada ano, un encontro en colaboración con CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización. Nesta ocasión contará coa presenza do director alemán **Hannes Stöhr**, a quen se lle dedica a primeira retrospectiva internacional da historia do Festival de Cans. Este cineasta nacido en Stuttgart, onde exerce actualmente de profesor de dirección e guión, formouse na Deutsche Film- und Fernsehakademie de Berlín. Sendo estudante viaxou por toda Europa. Chegou a Galicia, concretamente a Santiago de Compostela, arredor dos anos noventa, e coincidiu coa eclosión da Sala Nasa e todo o movemento que se creou arredor dela. Aquí establecería contacto e amizade con actrices e actores como Miguel de Lira, Luís Tosar e Blanca Cendán (entre outros moitos). Un conxunto de intérpretes que formarían parte do elenco de *One Day in Europe*, aquí traducida e coñecida como *Galatasaray-Dépor* (2005).

Hannes Stöhr participa neste Café con CREA onde debullará sobre o oficio de dirixir cine acompañado polo director **Fon Cortizo**, membro da directiva da asociación, e polo realizador **Jorge Coira**, amigo e colega de profesión. Neste encontro falará ademais sobre as catro películas que dirixiu ata o momento –unha filmografía que poderemos ver ao completo dentro da programación do festival- e tamén terá oco para adiantar parte do guión da súa próxima longametraxe, na que retoma a conexión Galicia-Alemaña. Este coloquio terá lugar no Baixo de Moncho o venres 23 de maio, e as persoas asistentes serán convidadas a un café pola nova marca colaboradora do festival, Cafés Dromedario.

Encontros Dálle Caña

Nos encontros Dálle caña xuntamos aos realizadores e realizadoras das tres categorías competitivas e de outras seccións para tomar algo e falar co público. O obxectivo é que os asistentes podan coñecer algo máis de cada peza e de quen a fixo nun contexto ameno e distendido. Cada encontro terá unha duración de aproximadamente 60 minutos.

Dálle caña! Encontro con realizadoras e realizadores de videoclips

Xoves 23 | 16h30 | Sala Ingrávida

A Sala Ingrávida acolle nesta ocasión o encontro no que estarán presentes as realizadoras e realizadores dos dezanove videoclips finalistas, así como boa parte dos músicos das bandas que os protagonizan. Todos eles compartirán as súas experiencias antes de coñecer cal será o clip gañador na Noite LASAL COCINAS.

Dálle caña! Encontro con curtametraxistas das Seccións Ficción e Animación

Sábado 25 | 16h30 | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

Todas as realizadoras e realizadores das quince curtas que concursan nesta XVI edición de Cans na Sección Oficial de Ficción e Animación daranse cita neste encontro. Nun formato relaxado que terá lugar na Leira de Alicia poderán coñecerse, presentar as súas pezas e compartir e intercambiar experiencias e opinións.

Dálle caña! Encontro con curtametraxistas da categoría FuraCans, ExtraCans e a sección Ultravioleta.

Sábado 25 | 19h30 | Espazo Estrella Galicia na Leira de Alicia

Os encontros Dálle caña complétanse coa celebración desta última reunión que unirá ás autoras e autores das curtas que compiten na categoría de FuraCans (non-ficción), a sección de Ultravioleta e a sección ExtraCans, que mostrará pezas de procedencia internacional pero que teñen, dun xeito ou outro, un vínculo con Galicia.

MasterClass sobre subtitulado e accesibilidade

Mércores 22 | 10h30 | Baixo de Moncho

Aberta ao público xeral

O docente e realizador **Pablo Romero-Fresco** ofrecerá unha masterclass na que falará dos procesos de subtitulado desde dúas vías. Por un lado, analizará a importancia que teñen estes para os públicos con dificultades de accesibilidade (visión e audición) para a comprensión plena dos filmes. Por outro, poñerá no foco de atención na oportunidade de proxección das linguas minorizadas a partir dun subtitulado correcto. Un debate de actualidade, despois da polémica que suscitou a mala tradución dos subtítulos da película *Roma*, de Alfonso Cuarón, onde non se respectou as variantes lingüísticas do español de México. Pablo Romero-Fresco falará do positivo que sería aplicar estas investigacións á industria de subtitulado en Galicia e España, onde estes procesos están pouco desenvolvidos.

Encontros Fundación AISGE con actores e actrices

Mércores 22 | 12h00 | Baixo de Moncho

Xoves 23 e venres 24 | 11h30 | Baixo de Moncho

Parte fundamental da sección de encontros do Festival de Cans é a súa colaboración coa Fundación AISGE. O Baixo de Moncho acollerá durante tres mañás seguidas os coloquios nos que intérpretes analizarán o papel dos actores e actrices na sociedade dende múltiples perspectivas.

O mércores 22 terá lugar *Pioneiras e pioneiros*, un encontro centrado en rescatar da memoria as vivencias e as anécdotas da profesión. Nesta ocasión figuras esenciais da interpretación **como Mela Casal e o dramaturgo Xabier Picallo** lembrarán ao actor Xan Cejudo finado en 2018 e que tiña pasado por estes coloquios en Cans.

O xoves a actriz e profesora da Universidade de Vigo **Mariana Carballal** fará a estrea en Cans do *Proxecto Orballo*. Un obradoiro que pretende revisar secuencias de filmes clásicos e series de televisión dende a perspectiva de xénero. En Cans comprobaremos os sorprendentes resultados a partir da análise, a readaptación da escenas e a interpretación en directo coa axuda da actriz **Raquel Espada** e o actor **Miguel Canalejo**.

Por último, o venres 24 teremos a oportunidade de escoitar a **Camila Bossa, Víctor Mosqueira, Isabel Blanco e Miguel de Lira** falar da serie *Mareas Vivas*, vinte anos despois da súa emisión, nun encontro que quere analizar que supuxo esta serie para as actrices e actores galegos e que significou para a industria audiovisual galega en xeral.

Proxecta Constrúe

“Achegar os festivais ao público novo: escoitar para programar”

Xoves 23 | 10h00 | Baixo do Moncho

Proxecta, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, impulsa estas mesas de debate, baixo o nome de Proxecta Constrúe, coa idea de estimular e fomentar a interrelación entre os certames e o seu público. A mañá do xoves 23 o Festival de Cans terá un encontro con estudantes de diferentes institutos de Galicia e os organizadores e programadores de festivais como Curtocircuíto, o Carballo Interplay, o FIC Bueu ou o Festival de Cans. O obxectivo desta palestra é ter un espazo de diálogo de ida e de volta no que conversar co público novo, normalmente afastado dos certames e co que custa conectar, e de escoitar os seus intereses e propostas para que teñan cabida dentro das programacións.

Coa presenza de **Ángel Sánchez** (Play-Doc), **Sonia Méndez** (Carballo Interplay), **Manuel Pena** (FIC Bueu) e **Alfonso Pato** (Festival de Cans).

Encontro de asociacións audiovisuais

“Audiovisual, unidas e unidos no que nos preocupa”

Xoves 23 | 13h00 | Baixo de Moncho

Este encontro aberto ao público ten como obxectivo a creación dunha plataforma onde se afronten e analicen os retos e os intereses comúns de profesionais da industria audiovisual e da cultura en xeral. Quen somos?, Que facemos? Ou que intereses comúns temos? Son preguntas sobre as que é preciso reflexionar. Nesta mesa, moderada pola xornalista Ana Cermeño, tocaranse puntos relacionados co mecenado, o papel da CRTVG no audiovisual, o estatuto de autor ou a distribución de recursos na antesala do Xacobeo 2021. Temas nos que cómpre afondar e que é preciso abrilos á sociedade.

Coa presenza de **Fon Cortizo** (membro da directiva de CREA), **Ángel Manzano** (membro da AGAG, Asociación Sindical de Guionistas de Galicia), **Xabier Deive** (Presidente de AAAG, Asociación de actores e actrices de Galicia), **Ángel Sánchez** (Presidente de Proxecta, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema) e **Miguel Mariño** (director da Academia Galega do Audiovisual).



LENDO CINE

Xoves 23 | 18h00 | Tenda Tía Tata

No seu intento por explorar a estreita vía entre o cine e a escrita, o Festival de Cans pon en marcha na súa XVI edición a actividade *LendoCine*, un espazo no que se darán a coñecer libros recentemente publicados nos que o cine é o trasfondo ou o protagonista principal. As autoras e autores presentarán neste encontro os seus traballos, ofrecendo así unha panorámica ampla do que se está editando sobre cine dentro e fóra de Galicia. En *LendoCine* atoparemos dende publicacións de traballos de investigación, obras adaptadas ao cine, novelas de pouso cinematográfico ou libros que recollen as memorias de profesionais da interpretación (entre outros).

***Filmoterapia. 100 películas inspiradoras*, de Jaime Burque (El Hilo Ediciones, 2018)**

Quen non quedou marcado por un filme que lle axudou a cambiar a súa perspectiva de vida? O psicólogo e escritor Jaime Burque indaga neste libro sobre a idea filmoterapéutica do cine a través dunha viaxe por 100 películas para demostrar como o sétimo arte é quen de conectarnos cos nosos sentimentos máis profundos.

Coa presenza do autor Jaime Burque.

***Taller de la Memoria*, VV.AA. (Fundación AISGE)**

A colección de libros *Taller de la Memoria* da Fundación AISGE naceu co propósito de recoller a memoria e as vivencias de actrices e actores veteranos co fin de salvagardar a riqueza das súas testemuñas e da súa profesión. En Galicia AISGE publicou as memorias de históricos da interpretación como Vicente Montoto, Pilar Pereira ou Manuel Lourenzo. Tamén editou as memorias de actrices e actores que xa non está con nós, como é o caso de Doretea Bárcena e Xan Cejudo.

Coa presenza de Isabel Blanco, actriz e delegada da Fundación AISGE en Galicia.

***A grande epopea do pianista de Cans*, de Xosé A. Perozo (Auga Edicións, 2019)**

Hai anos, cando aínda non nacera o Festival de Cans, o escritor Xosé A. Perozo publicou no *Faro de Vigo* un relato arredor da coñecida Pedra de Beethoven ou Pianista de Cans. Máis tarde, a partir do proxecto *Miradas de Cans* e as residencias promovidas polo noso festival, Perozo volveu retomar este relato fantástico, readaptándoo para contar a historia de Pedro de Chamorro, o pianista que quedou petrificado para sempre mentres daba un concerto baixo as estrelas. Unha historia que está chamando por unha adaptación ao cine.

Coa presenza do editor e autor Xosé A. Perozo.

***Accesible Filmmaking*, de Pablo Romero-Fresco (Editorial Routledge, 2019)**

Este libro parte dunha interesante investigación (que fascinou ao mesmo Ken Loach) sobre a análise e o estudo do subtítulado para facer o cine máis accesible ao público. O profesor e realizador Pablo Romero-Fresco chegou á conclusión de que as películas sería mellor comprendidas se os produtores, guionistas e realizadores traballaran no subtítulado dende a orixe do filme, e non ao rematar todo o proceso.

Coa presenza do autor, investigador e realizador Pablo Romero-Fresco.

***Eroski París*, do Grupo Chévere (Kalandraka, 2018)**

A compañía teatral Chévere, Premio Nacional de Teatro no ano 2014, fixo deste texto o seu último gran éxito co que triunfaron en escenarios nacionais e internacionais. Poderíase dicir que este libro é literatura da boa, unha obra que pode lerse como obra de teatro e como guión de cine. Tanto é así que o realizador Jorge Coira acabou por converter *Eroski París* en película. A súa pre-estrea será no Festival de Cans.

Coa presenza de Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira e Xesús Ron, membros do Grupo Chévere.

***Hotel para coleccionistas discretos*, de Diego Giráldez (Galaxia, 2019)**

O autor porriñés Diego Giráldez estará en *LendoCine* para falarnos do seu segundo libro *Hotel para coleccionistas discretos*. Un relato orixinal cargado de chiscadelas cinematográficas con referencias directas a *La Escopeta Nacional* de Berlanga, unha evidente inspiración no cine de Wes Anderson e reminiscencias que recordan as historias de Jacques Tati. A literatura non é cine, pero ás veces aínda se lle parece.

Coa presenza do autor Diego Giráldez.

***Actrices secundarias*, de Clara do Roxo (Editorial Elvira, 2019)**

Clara do Roxo naceu en Caracas e é filla de emigrantes galegos. Esta novela ten como fondo a emigración a América de miles e miles de persoas, que como os pais de Clara, marcharon e formaron alí unha familia pero que sempre pensaron en volver. Máis concretamente *Actrices secundarias* conta a historia de catro mulleres que asumiron un papel secundario nas súas vidas, un chanzo por debaixo do lugar que ocupaban os seus maridos. Esta novela foi finalista do Premio Torrente Ballester 2018.

Coa presenza da autora Clara do Roxo.



FILLAS E FILLOS DE CANS

Venres 24 | 16h30 | Baixo do Moncho

Coas creadoras e creadores Liliana Torres, Paula Cons, Jorge Coira, Fon Cortizo e Roi Fernández.

“Fillxs de Cans” é unha das seccións máis emocionantes, máis especiais e das máis esperadas polo público. As realizadoras e realizadores agasallan aos espectadores fieis do Festival de Cans cos primeiros minutos inéditos das súas películas antes da estrea e da súa presentación oficial en salas e festivais. Nesta 16ª edición teremos a inmensa sorte de ver entre a selección avances de proxectos como o documental *Vivir dúas veces* de Jorge Coira, Pepe Coira e Gaspar Broullón, que xira arredor da figura do político Xosé Manuel Beiras, ou da primeira ficción de Paula Cons, *El Santa Isabel*, que narra o histórico naufraxio deste barco na Illa de Sálvora. Tamén poderemos botar unha ollada á película *Que hicimos mal?* da directora catalá Liliana Torres, rodada en parte nas montañas do Caurel. A primicia destes e doutros dous proxectos cinematográficos terémola no Festival de Cans!

BEIRAS. VIVIR 2 VECES.

Dirección: Jorge Coira, Pepe Coira e Gaspar Broullón

Guión: Fernando Rodríguez

Produción: OlloVivo

Fotografía: Jaime Pérez

Vai de: Este documental é un percorrido pola realidade actual e a historia recente de Galicia a través da mirada e as reflexións de Xosé Manuel Beiras, unhas das figuras políticas e intelectuais máis destacadas do país. *Beiras. Vivir 2 veces* repasa de preto a súa traxectoria seguindo, por unha banda, os lugares que mellor o identifican, e doutra, as imaxes máis emblemáticas dun percorrido vital de oito décadas.

Xénero: Documental.

Estado: en fase de montaxe.

O detalle: Esta é a primeira longa producida pola recén creada produtora OlloVivo, que forman Pepe Coira, Jorge Coira e Gaspar Broullón.

Coa presenza do director Jorge Coira,

Pepe Coira e Gaspar Broullón e protagonista Xosé Manuel Beiras.

9 FUGAS

Dirección e guión: Fon Cortizo

Produción: Fon Cortizo e Alexandre Cancelo

Fotografía: Javier Álvarez

Elenco: María Roja, Olga Cameselle, Paco Barreiro, Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Vai de: É un proxecto de exploración fílmica que ten como punto de partida a banda sonora dunha orquestra de improvisadores pechada no laboratorio dun vello buque oceanográfico, a través da que se recrea unha historia esquecida da que só queda a erosión das ondas sonoras sobre os espazos deshabitados.

Xénero: Thriller. Distopía.

Estado: Rodaxe rematada.

O detalle: Habitual de diferentes seccións a competición do Festival de Cans, sobre todo de FuraCans (no-ficción). Director do

documental *Contrafaces* (2016), *9 Fugas* é a súa primeira longametraxe e o seu debut na ficción.

Coa presenza do director e guionista Fon Cortizo e da actriz Areta Bolado.

EL SANTA ISABEL

Dirección: Paula Cons

Guión: Paula Cons e Luís Marías

Produción: Take 2000 (Portugal), Historias del Tío Luis (País Vasco), Aleph Cine (Arxentina), Agallas Films (Galicia)

Fotografía: Aitor Mantxola

Dirección de arte: Antonio Pereira

Montaxe: Julia Juániz

Distribución: Filmax

Elenco: Nerea Barros, Aitor Luna, Darío Grandinetti, Victoria Teijeiro, Ana Oca, María Costas, Milo Taboada, Celso Bugallo, Machi Salgado, Leire Berrocal, Javier Tolosa, Sergio Quintana, María Vázquez e Mela Casal.

Vai de: O 2 de xaneiro de 1921 o vapor Santa Isabel fúndese fronte a dura costa da Illa de Sálvora con 260 emigrantes que ían destino a Bos Aires. Nesa noite non había homes da illa, estaban celebrando o Nadal en terra firme. A heroicidade de María, Josefa e Cipriana son a única esperanza para que moitos dos náufragos poidan salvarse.

Xénero: Thriller. Drama. Baseado en feitos reais.

Estado: en fase de posprodución.

O detalle: Paula Cons é un dos brazos executores de Agalla Films. Foi a produtora executiva e unha das guionistas da película *Lobos Sucios* e dirixiu o documental *La batalla desconocida*. *El Santa Isabel* é a primeira ficción dirixida por Paula Cons.

Coa presenza da guionista e directora Paula Cons.

¿QUÉ HICIMOS MAL?

Dirección: Liliana Torres

Guión: Liliana Torres e Anxos Fazáns

Produción: Matriuska Producciones (Galicia), Avalon Pc (España), Miss Wasabi (España) en coprodución con México e Italia, Pina Films (México), Raised By Wolves (Bélxica).

Produtores: María Zamora, Isabel Coixet, Daniel Froiz e Stefan Schmitz.

Dirección artística: Samuel Lema

Fotografía: Lucía C. Pan

Montaxe: Diana Toucedo

Son: Xavi Souto

Elenco: Liliana Torres

Vai de: Lili tivo unha relación estable durante algúns anos. Aínda que todo parece funcionar entre ela e a súa parella, hai algo na seu día a día que lle impide ser feliz. Esta é unha película aberta, de diálogos cotiáns e de linguaxe narrativo directo.

Xénero: Comedia dramática. Relacións de parella.

Estado: Rodaxe en curso.

O detalle: Esta película rodará parte do seu guión nas montañas do Caurel (Lugo) e en Ourense. Esta co-guionizada coa lucense Anxos Fazáns, directora de *A estación violenta*. É a segunda longametraxe da catalá Liliana Torres despois de realizar *Family Tour* en 2014, premio Especial do Xurado no Atlántida Film Fest.

Coa presenza de Liliana Torres e o produtor Daniel Froiz.

URSÚAS

Director: Roi Fernández

Guión: Roi Fernández e Cristóbal Polo

Fotografía: Daniel Díaz

Produción: Alba Fernández e Marta Valverde

Vai de: Esta película está feita de películas. *Ursúas* é un conglomerado transmedia de estilos e formatos, que dende a ficción, o documental, a *road movie*, as artes plásticas e a integración social, realiza unha lectura atípica do Camiño de Santiago: presenta a vida de homes e mulleres reais habitando nas marxes, peregrinos que nalgún momento e por algunha razón ou sinrazón, abandonaron a senda social e elixiron a deriva dun como modo de vida.

Xénero: Película transmedia.

Estado: en rodaxe.

O detalle: Roi Fernández gañou en 2013 o premio do xurado do Festival de Cans pola curta *Calquera infinito posible*. O ano pasado o director presentaba a idea do proxecto na sección *A que andas?*, nesta edición mostrarannos un pouco máis da súa película, á que non lle falta moito para ser realidade.

Coa presenza do seu director Roi Fernández.



A QUE ANDAS?

Venres 24 | 13h00 | Baixo do Moncho

Coa presenza de Fernando Cortizo, Álvaro Gago, Chelo Loureiro, Víctor Duplá e Diana Toucedo, Andrés Goteira e Juanjo Giménez.

Una das preguntas que máis se fai dentro do audiovisual para saber que proxectos se están pechando é: a que andas? Despois do éxito de “Fillxs de Cans”, sección nas que se presentaban as primeiras imaxes das películas antes da súa estrea, decidimos ir máis atrás e traer ao Festival de Cans os guións e proxectos dalgúns dos filmes que se rodarán proximamente.

“A que andas?” é un espazo que nace en colaboración coa Asociación Galega de Guionistas e no que as creadoras e creadores nos presentarán e nos falarán das primeiras ideas e bosquexos iniciais das súas futuras películas. Un pequeno encontro no que redimensionar o valor da palabra, dos guións e da labor dos guionistas. Con nós estará **Álvaro Gago**, director da multipremiada *Matria*, darannos máis datos sobre o argumento da súa primeira longametraxe *Algo parecido á felicidade*; o mesmo fará **Andrés Goteira** falando de *STARMUCKS (A pequena variaciónn)*. A produtora **Chelo Loureiro** dará conta do seu salto á dirección con *Valentina*; a obra teatral *A leituga* será levada á gran pantalla polo tándem **Víctor Duplá e Diana Toucedo** e, por último, o director catalán Juanjo Giménez nomeado ao Oscar e gañador da Palma de Ouro á mellor curta en Cannes por *Timecode*, presentará en Cans parte do guión da súa terceira película *Tres*. Non tedes ganas de preguntarlle aos participantes, a que andan?

TRES

Dirección: Juanjo Giménez

Guión: Juanjo Giménez e Pere Altimira.

Vai de: Un ex-soldado faise okupa do seu propio pasado. Unha editora de son que é quen de desincronizar o universo. Un centrocampista xogando a perder o seu último partido profesional. Tres mundos, unha película.

Estado: en proceso de escritura.

O detalle: *Tres* será a terceira longametraxe que dirixe, da que rodará unha parte en Galicia. Coa súa curta *Timecode* o director Juanjo Giménez conseguiu levar a Palma de Ouro no Festival de Cannes en 2016 e unha nominación aos Oscar en 2017.

Coa presenza de Juanjo Giménez.

ALGO PARECIDO Á FELICIDADE

Dirección e guión: Álvaro Gago.

Producido por: Matriuska Producciones (Galicia) e Ringo Media (Cataluña).

Vai de: Ramona é unha muller de corenta anos que sobrevive con dificultades nun contexto laboral e familiar tenso, precario e impredecible. No seu camiño crúzase con Xosé, un home de 63 anos sumido no loito polo recente falecemento da súa muller. A relación esquiva do inicio da paso á amizade e refórzaos nos seus mundos. Tal vez haxa algo novo por vivir.

Estado: proceso de escritura de guión.

O detalle: O director Álvaro Gago recolle o material rico e complexo que tivo que deixar fóra no seu anterior traballo, a multipremiada *Matria*, para establecelo como base da súa próxima longametraxe. Segundo as súas propias palabras director Algo parecido á felicidade comeza onde remata *Matria*.

Coa presenza de Álvaro Gago.

VALENTINA

Dirección: Chelo Loureiro.

Guión: Chelo Loureiro e Lúa Testa.

Vai de: Valentina soña con ser trapecionista e todos lle din que o ten difícil por non dicir imposible. Agás a súa avoa. Unha avoa cantareira que tamén persegue o seu soño: dirixir unha orquestra. Pero a avoa un día desaparece sen despedirse e Valentina, xunto cos seus amigos, decide saír a busca. Xuntos vivirán unha divertida aventura chea de emocións e música. Moita música!

Estado: en fase de pre-produción.

O detalle: Chelo Loureiro destaca pola súa labor na produción de animación e por ser impulsora de proxectos de talentos novos como Alberto Vázquez ou Juan Pablo Etxeberry. Con esta película dá o salto ao guión e á dirección.

Coa presenza de Chelo Loureiro e Lúa Testa.

STARMUCKS (A PEQUENA VARIACIÓN)

Dirección: Andrés Goteira

Guión: Andrés Goteira e Iván Cuadras

Produce: Gaitafilmes con co-produción

Vai de: No centro dunha gran cidade e diante dun gran edificio un home de mediana idade encóntrase cunha amiga do pasado. Cóntalle que se intentou suicidar cando a súa muller o deixou por outro home mellor. Despois todo cambiou e xurdiu a pequena variación.

Estado: Primeira versión de guión / análise

O detalle: *STARMUCKS (A pequena variación)* é a segunda película do meirense Andrés Goteira, director de *Dhogs*, filme que conseguiu 13 Mestre Mateo no 2018.

Coa presenza de Andrés Goteira.

A LEITUGA

Dirección e guión: Víctor Duplá e Diana Toucedo.

Produción: Frida Films.

Vai de: Cinco familiares, tres irmáns e as parellas de dous deles, reúnen na casa da irmá maior para celebrar o aniversario do pai, que se atopa en estado de coma desde fai nove anos. O que comeza como unha celebración normal convértese nunha pelexa encarnizada por ver quen se responsabiliza dos coidados do pai.

Estado: en proceso de escritura.

O detalle: Este film nace da obra teatral *A Leituga* dirixida por Víctor Duplá e estreada en 2018.

Coa presenza dos coguionistas e codirectores Víctor Duplá e Diana Toucedo.



RETROSPECTIVA PREMIO PEDIGREE CARLOS BLANCO

Sábado 25 | 21h30 | Jalpón de Alicia

PAPITIS

2019 | 9' | español

[Estrea mundial]

Dirección e guión: Rodrigo Alonso

Producción: Rodrigo Alonso e Gorka Moreno

Música: José Sánchez-Sanz

Montaxe: Rodrigo Alonso

Elenco: Carlos Blanco e Gorka Moreno.

Vai de: Unha conversa telefónica entre un pai e o seu fillo revela a relación de incomunicación que existe entre os dous.

O detalle: O director estará en Cans para presentar *Papitis*, que será estrea mundial no festival.

MAL DE SANGRE

2013 | 15' | español

Dirección e guión: Pedro Díaz

Produtora: María José García

Director de produción: Uriel Wisnia

Xefe de produción: Daniel Piera

Fotografía: Hugo Machado

Dirección de arte: Xenia Pinto

Montaxe: Arnau Hernández Trilla

Son: Arià Ors

Elenco: Carlos Blanco, Helena Miguel, Jordi Cadellans, Guillermo Creuheras, Susanna Caralt, Gloria Giménez e Cristina Hurtado.

Vai de: Enrique acaba de chegar de faenar e recibe o golpe de mar máis complicado da súa vida. A saúde da súa muller pende dun fío tras despois de sufrir un grava accidente. O que non sabe este mariñeiro é que no hospital lle agardan segredos e conflitos que van máis alá da medicina.

Xénero: Drama.

O detalle: *Mal de sangre* foi premio á Mellor interpretación masculina para Carlos Blanco no Festival de Cans en 2013.

DESAYUNO CON DIADEMA

2012 | 18' | español

Dirección e guión: Óscar Bernàcer

Produtora: Nakamura Films (Jordi Llorca e Joana M. Ortúeta)

Fotografía: Nacho Ramírez

Dirección de arte: Maribel Peralta

Montaxe: Óscar Bernàcer

Música: Iván Capillas

Elenco: Carlos Blanco e Rosario Pardo

Vai de: Un almorzo entre dous descoñecidos. Un tren que pasa. Serán quen de collelo?

Xénero: Comedia

O detalle: Carlos Blanco recibiu o premio como Mellor actor no Festival de Cine de Alicante en 2013 por esta curta.

TEMPORADA 92-93

2007 | 12' | español

Dirección: Alejandro Marzoa

Guión: Alejandro Marzoa e Miguel Ángel Blanca

Produtora: Escándalo Films e ESCAC

Fotografía: Victor Rius

Son: Cristian Subirá

Música: Lori Meyers

Montaxe: Marta Bonet e Fran Carmona

Elenco: Miguel de Lira, Carlos Blanco, Inma Ochoa, Marisa Duasso, Eduard Cazorla e Roger Vilá.

Vai de: Cando é o día do aniversario do teu fillo, quedan dez minutos para que acabe a Liga e o teu equipo, o Celta de Vigo, estea a piques de baixar á Segunda División... o único que queda é estar pegado á radio e que alguén que sofre tanto coma ti, nunca te abandone.

Xénero: Drama. Deporte, fútbol.

O detalle: Esta curta, *Temporada 92-93*, atesoura máis de corenta premios en festivais nacionais. Entre eles, recibiu o recoñecemento á Mellor Interpretación Masculina para os seus dos protagonistas no Festival de Cine Independente de Elche no ano 2007.

AMISTAD

2010 | 16' | español

Dirección: Alejandro Marzoa

Guión: Alejandro Marzoa e Miguel Ángel Blanca

Produtora: Boogaloo Films

Fotografía: Víctor Rius

Música: Pau Julià e Sara Fontán

Son: Marc Bech

Montaxe e Postproducción: Ingrid Boixadós

Elenco: Miguel de Lira, Carlos Blanco, Óscar Molina e Xulio Abonjo.

Vai de: Cando os amigos saen de copas todos os problemas se esquecen.

Xénero: Comedia. Drama. Amizade.

O detalle: Foi o gañador do Proxecto Cine Jove ao mellor guión en 2009. Premio ex-aequo para os catro protagonistas na 8ª edición do Festival de Cine de Alicante.



ULTRAVIOLETA

Sábado 25 | 10h00 | Jalpón de Alicia

O Festival de Cans quere poñer o foco nesta sección especial Ultravioleta nunha escolma de curtametraxes realizadas por artistas e creadoras, mulleres todas elas, que tratan diferentes temáticas dende unha perspectiva feminista. Estas propostas, algunhas radicais no plantexamento, abarcan asuntos como a prostitución no documental de Carmen PG Granxeiro, o machismo no día a día na peza de Diana López, a violación no traballo de Corentena Producións ou o empoderamento na curta de Sara Casasnovas.

BENVIDAS AO CLUB

2018 | 28' | castelán e galego

Dirección e guión: Carmen PG Granxeiro

Produción: Nery Díaz, Amaia Santamarta e Carmen PG Granxeiro

Elenco: Ana Barba Núñez, Gerardo Pardo de Vera, Carmen G. Magdaleno, Sonia Vizoso

Xénero: Documental

Vai de: A finais do 2009 dáse a coñecer aos medios de comunicación a maior investigación feita en España contra a trata, despois dun ano baixo segredo de sumario: a Operación Carioca. *Benvidas ao club* é unha viaxe ao inferno onde centos de mulleres son vítimas da corrupción e da violencia, un mundo salpicado polas drogas e que ten lugar ao noso lado.

O detalle: Este curta foi premiada no Festival de Málaga co Biznaga de Prata "Afirmando los Derechos de las Mujeres" en 2019.

A XUSTIZA POLA MAN

2018 | 8' | castelán e galego

Dirección e interpretación: Sara Casasnovas

Produción: Alicia Alonso

Fotografía: Omar Romero

Son e música: Martin Vaz e Xulián Sambade

Montaxe: Juan Galiñanes

Voces: David Perdomo, Xaime Lis e Quico Cadaval

Xénero: Drama social, documental

Vai de: Un labirinto de pantasma e ausencias... Un estrondo de linguaxe. A poesía como

arma. Un curta que nos achega á figura e á escrita de Rosalía de Castro.

O detalle: Esta curtametraxe foi a gañadora do II Premio Temporada Alta: Cine y escena do Notodofilmfest en 2018.

FEMINAZI

2018 | 17' | castelán

Dirección e guión: Diana López Varela

Producida: Diana López (coprodución con Abella Creativa)

Fotografía: Margherita Morello

Son: Paloma García e Silvia Villanueva

Montaxe: Alejandra Sotelo Nores

Música: Mafalda

Elenco: Fernando González e Laura Míguez

Xénero: Comedia

Vai de: Rocío participa nunha plataforma feminista, un día acode a un acto da mesma, e a volta á casa, fala con Manu (o seu mozo) das responsabilidades que teñen en común. Despois dunha discusión entre ambos, os feitos van facendo que a situación se volva máis e máis rocambolesca.

O detalle: Primeira curta que dirixe a escritora e xornalista Diana López. FEMINAZI fíxose co Premio do Público no Festival de Cine de Ourense en 2018.

AS MULLERES SALVAXES

2018 | 22' | galego

Dirección, guión e fotografía: Eire García Cid

Produción: Corentena Producións

Música: Glitchgirl

Elenco: Mariña López, Miriam Carril, Menina Arrouxada, Paloma Saavedra e Patricia Torres.

Xénero: Ficción, drama

Vai de: Cinco amigas, unha festa de disfraces. O imperativo do convite: que os disfraces sexan de animais. Unha curtametraxe que fala da necesidade de resposta, da alianza entre mulleres e de silencios que deixan de selo.

O detalle: Esta curta foi un proxecto de creación colectiva realizado por unha equipa de mulleres ligadas ao mundo audiovisual e a militancia feminista que amparou Corentena Producións.



EXTRACANS

Sábado 25 | 21h00 | Baixo de Carlos

Prezo: 3€

O Festival de Cans sempre tivo a mirada posta en ir aumentando o enfoque internacional da súa programación. E máis se cabe nesta XVI edición, na que un dos focos de atención está posto no aumento da presenza de realizadoras e realizadores doutros países. ExtraCans vén coma sempre da man das profesionais do audiovisual galegos que traballan con directoras e directores a nivel internacional. Dentro desta sección poderemos ver curtas dirixidas por cineastas de Armenia, Estados Unidos, Cuba ou Suíza, nas que a participación de profesionais do país foi fundamental.

Coa presenza das/os directoras/es e as/os profesionais galegas/os que traballaron nestas curtas.

L'ABCDIAIRE DE L'AMOUREUSE D'UN PHOTOGRAPHE

2017 | 29' | francés (subtítulos en español)

Dirección e guión: Anahit Simonian

Produción: Invisible Travels e Mallerich Films Paco Poch

Montaxe: Diana Toucedo

Son e música orixinal: Anahit Simonian

Xénero: Documental

Vai de: Como filmar unha palabra? Como escoitar unha fotografía? Como contar con só 26 palabras unha vida amorosa? Anahit Simonian toma a cámara por primeira vez para buscar o sentido da beleza fascinada polo universo onírico do fotógrafo francés Guillaume Poussou.

O detalle: Anahit Simonian é de orixe armenia e traballa como realizadora, pedagoga e compositora. Ten colaborado con artistas e directores de cine como Isaki Lacuesta, Bertrand Tavernier (entre outros) e, na actualidade, con Diana Toucedo na escritura do guión da longametraxe *La Quinta Cuerda*. Esta peza estreouse no Festival Internacional de Cine Punto de Vista.

Nexo galego: Diana Toucedo foi a montadora desta peza.

DOS ISLAS

2017 | 40' | español

[Estrea en España]

Dirección e guión: Adriana F. Castellanos

Producción: Adam Slesicki, Zuzanna Krol, Irene M. Borrego

Produtora: Wajda Studio 59 en Conserva.

Fotografía: Lucía C. Pan e Jordi Abusada

Montaxe: Adriana F. Castellanos e Pilar Monsell.

Xénero: Documental

Vai de: Elvira ten 102 anos e sempre está tan lúcida como elegante. Sen embargo, recibiu na vida a súa parte de sufrimento. Cando non era máis que unha nena foi levada a Cuba lonxe dos seus pais e nunca volveu a súa illa natal de El Hierro en Canarias. A súa neta cineasta intenta reconstruír os recordos desta anciá e as escuras zonas desta dolorosa e complexa travesía.

O detalle: Esta peza dixirida pola cubana Adriana F. Castellanos tivo a premier no Festival Internacional de Cine de Cracovia (país, Polonia, que é co-produtor da película).

Nexo galego: A directora de fotografía é a coruñesa Lucía C. Pan.

INDEX

2019 | 10' | inglés (subtítulos en español)

[Estrea mundial]

Dirección, guión e montaxe: Daniel Damanti

Producción: El Trampoline

Produtores executivos: Nacho Pérez Guzmán e Eduardo B. Muñoz

Dirección de fotografía: Guille Vázquez

Elenco: Adam Quintero, Violeta Orgaz, John de Luca e Benjamin Nathan-Serio

Xénero: Drama. Sci-Fi.

Vai de: Una parella enfróntase a unha mala experiencia polo abuso físico e psicolóxico de dous estraños. As redes sociais modificaron a nosa maneira de relacionarnos e a aparición de aparatos dixitais coma INDEX permite acceder aos segredos de cada individuo poñendo en xogo a súa privacidade. Que pasaría si absolutamente todos os nosos datos estiveran ao alcance de todo o mundo?

O detalle: Daniel Damanti naceu en Nova York e agora vive en Madrid, onde traballa como director e fotógrafo freelance en cine e publicidade. Estreará INDEX no Festival de Cans.

Nexo galego: A conexión con Galicia desta peza está no seu director de fotografía Guille Vázquez.

LE GRAIN ET L'IVRAIE

2019 | 18' | español e francés

[work in progress]

Dirección: Fred Florey

Producción: Alina Films

Montaxe: Diana Toucedo

Son: Fred Florey e Carlos Ibáñez

Elenco: Carlos e Nasser

Xénero: Documental

Vai de: Carlos e Nasser están contratados en período de proba nunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos trala súa saída do cárcere. Dende o seu novo traballo reflexionan sobre a súa estancia en prisión e sobre a súa vida.

O detalle: O suízo Fred Florey realiza, sobre todo, pezas documentais coma *La clé de la chambre à lessive*, que foi premio SRG no prestixioso festival Visions du Réel en Lyon.

Nexo galego: De novo, a cineasta Diana Toucedo foi a montadora deste documental.



MINICANS

Parque, xogos e xantar

Sábado 25 | Todo o día | Parque do Río

MiniCans é un espazo familiar onde se desenvolven actividades musicais e relacionadas co cine orientadas aos máis pequenos. MiniCans conta con parque infantil, cunha área de xogos e unha zona de xantares con menús infantís e específicos para persoas vexetarianas, celíacas ou veganas.

Obradoiro de cine “Da imaxinación á pantalla - Participa Méliès

Venres 24 | 17h00 | Cuberto de Chelo

Venres 24 | 19h30 | Proxección dos traballos finais

Despois do éxito desta actividade o ano pasado, o Festival de Cans e a Obra Social La Caixa repiten este obradoiro impulsado polo proxecto Participa Méliès. A través da imaxinación e das creacións de George Méliès, un dos pioneiros do cinema, este taller iniciará a rapaces e rapazas na linguaxe e no proceso cinematográfico. Cada equipo coa axuda dunha tablet terá que realizar unha curtametraxe fantástica mediante exercicios prácticos nos que traballarán a idea do guión, pasando pola gravación (empregando efectos especiais sinxelos) ata finalmente a edición. Os traballos poderán verse ás 19h30 no Cuberto de Chelo e poderán participar no concurso Participa Méliès, unha iniciativa da Obra Social La Caixa. O taller estará coordinado polo realizador e educador Alexis Borrás, que ten traballado con directores do talento de Juanma Bajo Ulloa ou Borja Cobeaga e é profesor da Universitat Autònoma de Barcelona.

Curtametraxes finalistas - Proxecto contra a violencia de xénero “Xénero/Historias”

Venres 24 | 17h30 | Baixo de Carlos [Entrada libre]

Máis de 250 estudantes da ESO dos catro institutos do Porriño traballaron e realizaron ao longo do curso escolar arredor dunha ducia de curtametraxes que poñen o foco de atención e queren facer pensar sobre o problema da violencia de xénero. O traballo destas rapazas e rapaces, de entre 13 e 15 anos, estivo coordinado polo pedagogo Rubén Barciela e foi posible grazas ao realizador Xosé David Gamallo e a pedagoga Cristina Míguez. O resultado

final destas 11 curtametraxes terá a súa estrea absoluta o venres 23 ás 18h00 no Festival de Cans.

Proxecto impulsado polo Concello do Porriño, creado pola empresa educativa Koremi e apoiado polo Festival de Cans. Participan o IES Pino Manso, IES Ribera do Louro, CPR Santo Tomás e o CPR Irmáns Quiroga.

Actuacións hip-hop - Proxecto contra a violencia de xénero “Xénero/Versos”

Venres 24 | 19h30 | Parque do Río

Como peche final das proxeccións de curtametraxes realizadas no marco do proxecto “Xénero/Historias” celebrárase ás 20h00 no Parque do Río unha festa na que se presentarán as cancións de hip-hop contra a violencia machista compostas dentro do obradoiro “Historia/Versos” polo alumnado da ESO dos catro institutos participantes. Nesta actuación poderanse escoitar un total de seis cancións, das cales algunha serve como banda sonora das curtametraxes realizadas neste proxecto, e que serán editadas co apoio da Fundación SGAE.

Cre-accións. Obradoiro creativo de stop-motion

Imparte: Ramiro Rodríguez dos Santos

Sábado 25 | 11h00 – 13h00 | Inquedanzas

Máximo: 15 crianzas de entre 4 a 12 anos

Prezo: 3€

Toda historia componse de milleiros de pequenos intres e soños. Pero as historias non deben gardarse no maxín máis que un tempo. O momento da súa representación agarda impaciente. A través da imaxinación e a improvisación e coa axuda de Ramiro Rodríguez dos Santos, as nenas e nenos confeccionarán neste obradoiro un guión que logo farán realidade coa técnica do *stop-motion*. Será a maneira de compartir e realizar coas mans as fantasías e soños de cada un para crear unha grande historia común.

Cores, contos e *rock’n’roll*

Actuación musical de Pakolas + debuxos en directo de Laura Romero

Sábado 25 | 13h30 | Parque do Río

Cores, contos e *rock’n’roll* é un espectáculo para todos os sentidos no que se combina música, a narración e os debuxos da man da ilustradora Laura Romero. Paco Cerdeira (Pakolas), músico e artista que formou parte de grupos infantís como Mamá Cabra ou de proxectos como A Gramola Gominola, conducirá as nenas e nenos coa súa voz e a súa guitarra por un universo fantástico repleto de historias de animais con moralexa final. A man de Laura Romero daralle vida aos personaxes de Pakolas, realizando ilustracións en directo e poñéndolle cara e cores a estas historias. Pakolas preparou para o Festival de Cans un animado concerto onde coñeceremos a ‘Baldomero o mero’ ou ao ‘Xabarán con bombín’ e onde estará moi presente o cine. Atención rapazada porque o sábado ao mediodía teremos moito baile no Parque do Río. Esta actuación conta co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A Caixiña de Mistos

Sábado 25 | 16h00 | Parque do Río

A Caixiña de mistos é xa un clásico do Festival de Cans. A actividade está formada por un obradoiro de iniciación de curtametraxes centrado nos máis pequenos. E, en paralelo, tamén se realiza a proxección de pezas de animación nun espazo singular: unha vella caravana *vintage* dos anos setenta. Nela só poderán entrar pequenos grupos de cativas e cativos para descubrir un espazo diferente no que ver cine e que suporá para moitos a súa primeira experiencia cinematográfica. As pezas xurdidas neste taller conducido por Mr. Misto proxectaranse ás 20h00 neste mesmo lugar.

Son-Cinema [con Juanma LoDo]

Sábado 25 | 16h30 | Cuberto de Pato

Prezo: 3€

Duración: 45 minutos

Esta actividade está centrada nas bandas sonoras dos filmes e nas diferentes emocións que a música e o son en relación coas imaxes poden provocar no espectador. Este taller parte de fragmentos de importantes películas da historia do cine realizadas por directores como Alfred Hitchcock, Lev Kulechov e Serguéi Eisenstein. A partir destas obras, e empregando instrumentos como sintetizadores e obxectos do cotián, o artista Juanma Lodo creará un xogo sorprendente e participativo no que as nenas e nenos poderán comprobar como a música pode facer cambiar e variar a percepción das imaxes.

Concerto de Su Garrido

Sábado 25 | 17h30 | Parque do Río

A música de Su Garrido Pombo está influenciada polo *jazz*, o *folk* ou a *bossa nova*. Na actuación, que ofrecerá en Cans a tarde do sábado no Parque do Río, presenta o seu primeiro disco en solitario *Quedo a vivir aquí*. Un traballo no que fusiona estilos, con cancións sinxelas pero potentes realizados só con voz e guitarra, e no que nos mostra letras realizadas a partir de poemas de Xohana Torres ou Ana Romaní con outras cancións tradicionais que lle ensinou a súa avoa na aldea de Traspielas, en Fornelos de Montes. Su Garrido Pombo forma parte do proxecto musical Son Trío, finalista dos Premios Martín Codax na categoría de música clásica contemporánea, e foi a gañadora da última edición dos Premios Fran Pérez “Narf”, que organiza a Deputación da Coruña, entidade que está apoiando e promovendo as súas actuacións en destacados festival de Galicia.

Unha vida de cine. Contacontos ilustrado sobre María Casares [con Polo Correo do Vento]

Sábado 25 | 18h30 | Cuberto de Pato

Prezo: 3€

Nesta actividade as nenas e nenos escoitarán unha historia narrada mentres trazan un guión debuxado dun filme –un *storyboard*-. A intención é achegar dun xeito didáctico como son as técnicas de realización dunha película mentres aprenden de maneira divertida os diferentes tipos de planos que existen no cine. Despois realizarán un obradoiro de debuxo

da lendaria actriz galega María Casares. Este contacontos ilustrado dirixido aos máis pequenos corre a cargo de Polo Correo do Vento, un colectivo especializado en actividades lúdicas que promove a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego.

Concerto Psychotropic Boom

Sábado 25 | 19h30 | Parque do Río

Esta inclasificable formación, caracterizada por ter unha sólida base de instrumentos de vento, chega dende a veciña aldea de Xinzo (Ponteareas), co apoio do Centro Cultural do lugar. A música desta banda parece por momentos traída dos Balcans, e outras, unha banda saída do máis profundo de Nova Orleans. Psychotropic Boom ofrecerannos un repertorio divertido, no que non van faltar clásicos musicais de película, para gozar en familia do fin dunha xornada chea de actividades.



CANS PARTICIPA

Cans é un festival que impulsa a participación colectiva dos asistentes, sexan ou non veciñas e veciños da aldea de Cans e independentemente da súa idade, todos atoparán aquí o seu espazo. Dentro de Cans Participa atoparedes dende obradoiros de documental, concursos de pintura, roteiros, etc.

Proxeccións

Proxecto Cans 303

Mércores 22 | 21h00 | Torreiros de Cans

Presentación do proxecto "Cans 303" feito polas alumnas e alumnos do curso

Estrea do documental *Os Catro Ventos de Cans. A memoria da música*.

O Proxecto Cans303 naceu con dous obxectivos moi marcados. Por un lado, rescatar a memoria dos habitantes e da aldea de Cans e, por outro, co fin de que as mesmas veciñas e veciños se implicarán na tarefa de creación dunha peza audiovisual. O proxecto "Cans 303" mobiliza en cada edición a un grupo de persoas de entre 12 e 60 anos para facer e desenvolver unha proposta dende o inicio e pasando por todas as súas fases. Nesta edición, o equipo de alumnas e alumnos coordinados por Juanma LoDo, reconstruirá a historia da agrupación musical Os Catro Ventos.

Os Catro Ventos de Cans. A memoria da música

2019 | 16' | galego

Dirección: Juanma LoDo

Participantes: Alba Sobrino Maceira, Ángel Rodríguez Martínez, Ainhoa Cabaleiro Boente, Raúl Maceira López, Flora Maceira Casalmorto, Rosa Bernárdez Quintas, Carlos Rodriguez e Pablo González Blanco.

Vai de: Ao longo de catro meses o obradoiro de Cans 303 traballou no rescate da memoria do grupo histórico Os Catro Ventos, que amenizou as festas do sur da provincia de Pontevedra ao longo de dúas décadas. A partir da recuperación dunha vella cinta de *cassette* e dunhas gravacións audiovisuais antigas o equipo do proxecto Cans 303 reconstruíu a memoria

desta formación, que entre as súas singularidades, tiña entre os seus compoñentes á acordeonista Marisol e ao batería Rafa, os dous fillos de Pepe “O bombeiro”, fundador do grupo.

Final do concurso “Ollo de vidro”

Mércores 22 | 18h30 | Baixo de Bugarín

O Festival de Cans impulsa o concurso “Ollo de vidro”, dentro do marco da iniciativa da canle de Youtube Recomendóche un libro, co obxectivo de estimular a lectura en galego e a creación audiovisual entre a mocidade. Na final proxectaranse 11 pezas entre as que se poderán ver recomendacións, booktrailers, críticas literarias e outras pezas máis creativas que teñen o obxectivo común de animar á lectura. Un xurado escollerá unha selección de pezas finalistas que o mércores 22 de maio se proxectarán no Baixo de Bugarín, nunha gran final na que se desvelarán os gañadores. Neste encontro contaremos coa presenza dos finalistas, do xurado avaliador e das institucións que apoian o proxecto: a Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo, o IES Castela, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, a Asociación de Veciños do Calvario, a Biblioteca Pública do Porriño e o IES Pino Manso.

Quince primaveras

Venres 24 | 22h30 | Torreiro de Cans [estrea]

Quince primaveras é o título do documental feito pola realizadora Isaura Docampo sobre a edición do Festival de Cans de 2018. A estrea deste documental será o venres 24 de maio durante a noite das homenaxes, alí poderemos recordar e celebrar os momentos que vivimos fai un ano.

Cans do Futuro

Mércores 22, xoves 23 e venres 24 | 12h00 | Baixo de Bugarín

Os centros educativos de toda Galicia organizan visitas extraescolares durante as mañás do mércores, xoves e venres da semana do Festival de Cans. Como en anos anteriores, as alumnas e alumnos de institutos e escolas terán a posibilidade de encontrarse con cineastas e profesionais que traballan do eido audiovisual nunha sección en colaboración **coa Academia Galega do Audiovisual** que chamamos “**Oficios invisibles**” e na que nos acompañarán **Alicia Saturna** (vestiario e atrezzo); **Lucía Catoira Pan** (directora de fotografía) e **Diana Toucedo** (montadora). Cada centro educativo estará na aldea durante unha mañá enteira, asistindo a unha hora e media de proxección e a estes encontros a outra hora e media de visita guiada pola aldea. No tempo de descanso, tamén poderán facer a clásica foto de recordo: enriba do chimpín que se aparca xunto ao Can de Pedra.

Roteiros

Roteiros cinéfilo-literarios con Carlos Meixide e Xosé Antonio Perozo

Mércores 22 e xoves 23 | 11h30 | Saída da rotonda do Can e camiños da aldea (Meixide)

Xoves 23 | 10h30 | Saída da rotonda do Can e camiños da aldea (Perozo)

Os escritores Carlos Meixide e Xosé Antonio Perozo guiarán aos asistentes por uns roteiros cinéfilo-literarios baseados nas súas obras. Meixide ofrecerá a súa mirada particular a través dos puntos polos que os protagonistas de *Cans*, a súa novela xuvenil, viven as súas particulares aventuras. Todo mesturado con unha chea de referencias cinéfilas coas que gozan as nenas e nenos que leron o libro. Por súa parte, Xosé Antonio Perozo realizará un roteiro inspirado na súa novela *A grande epopea do pianista de Cans*, un libro que se presentará no festival. A obra nace dun relato fantástico que o autor publicou no *Faro de Vigo* sobre a coñecida Pedra de Beethoven ou Pianista de Cans, e que agora volveu recoller para contar a historia de Pedro de Chamorro, o pianista que unha noite quedou petrificado para sempre mentres daba un concerto baixo as estrelas.

CanSonoro. Roteiro da música e do patrimonio con Xurxo Souto

Sábado 25 | 10h00 | Saída da rotonda do Can

Dende fai unhas cantas edicións, Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Monte Alto, guía un roteiro polos camiños e corredoiras de Cans que se inspira nas historias das veciñas e veciños e na tradición musical de cada casa de Cans. Nesta ocasión, o roteiro discorrerá por lugares emblemáticos do noso patrimonio como o muíño do Froxán (que se abrirá para a ocasión) ou Penedo de Cubaladra coa súa enigmática inscrición de 1869 que cumpre agora 150 anos. Esta ruta faina acompañado dos acordeonistas de Acordecans que amenizan o camiño mentres Xurxo Souto conta historias, canta e fala co público e intercala diálogos de filmes no seu discurso. Este roteiro será accesible para cadeiras de rodas e carriños de bebé.

Cine e gastronomía

Showcooking Tapas de cine – Estrella Galicia

Xoves 23 | 20h30 | Praza do Concello

A gastronomía volve ao Festival de Cans a través da colaboración con Estrella Galicia, que nos traerá ao cociñeiro **Pablo Pizarro**, do restaurante coruñés **Bocanegra**, para realizar unha exhibición en directo o xoves 23 de maio na Praza do Concello.

Kike Piñeiro

Outra parte gastronómica do programa virá da man do cociñeiro Kike Piñeiro, que estará a cargo da cociña para as persoas convidadas do Festival de Cans. Piñeiro é o chef do restaurante compostelano A Horta d'Obradoiro, un espazo caracterizado por unha sutil renovación da cociña e o emprego de produtos tradicionais, como sempre, produtos Galicia Calidade.

Exposicións

Exposición fotográfica “Outra pel, outro rostro” de Cris Andina

Aberta dende o 15 de maio ata o próximo 15 de xuño

Dous espazos | Círculo Recreativo Cultural: Todos os días dende as 10 da mañá.
Sala Ingrávida | De domingo a mércores: 18h a 21h30 | De xoves a sábado: 19h a 23h Entrada gratuíta.

No intento continuo de abrirse a outras disciplinas, o Festival de Cans programa por primeira vez nas datas do certame unha exposición fotográfica. Ao longo de varios meses, a fotógrafa Cris Andina seguiu a numerosas actrices e actores de teatro para retratalos no intre no que pasan a barreira da caracterización e mudan de rostro para interpretar aos seus personaxes no escenario. A mostra, que leva por título *Outra pel, outro rostro*, pretende ser unha homenaxe ao oficio do teatro, onde estes profesionais fan uso dun talento espido e afrontan o reto desta arte, na que adoita primar o espazo figurado fronte á propia personaxe. De aí a escolla da fotógrafa de realizar os retratos en branco e negro e sen artificios. Nos máis de 30 retratos que compoñen a exposición, e que estarán repartidos en dous espazos, poderemos ver caras habituais como Miguel de Lira e a compañía Chévere, Melania Cruz, Javier Gutiérrez, Xosé A. Touriñán, María Vázquez, Serxio Pazos ou a Areta Bolado, Noelia Castro e Alién Kendelman da compañía teatral A Panadaría.

Cris Andina (Ribadeo, 1978) é unha fotógrafa que traballa no eido cultural e en ámbitos como o cine, a música e as artes escénicas, desenvolve a súa labor facendo fotografía de eventos e actuacións en directo, entre eles, o Festival de Cans.

Proxecto Senta

Sábado 25 | Todo o día | Diferentes espazos de Cans

Dende hai varias edicións o Festival de Cans colabora coa Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña para reflexionar sobre a redefinición da paisaxe da aldea e pon a atención sobre espazos e lugares especiais que, aínda que sexan invisibles a priori, gardan gran potencial na paisaxe física e emocional de Cans. Neste sentido ten desenvolvido actividades para visibilizar o espazo no Parque do Río, ten descuberto vellos carreiros e atallos que vertebran a aldea ou realizado unha reflexión sobre a masificación do festival (e dos festivais en xeral). Nesta edición, o festival volve traballar man a man coa ETSAC poñendo en marcha o Proxecto Senta. Esta iniciativa, realizada polas alumnas e alumnos da UDC coordinados polo prestixioso profesor e arquitecto Juan Creus –do estudio CreuseCarrasco–, traballará na recuperación dos bancos exteriores e currunchos onde a xente se sentaba a descansar ou a ver e contemplar a vida, unha relación que non dista moito de ollar para a pantalla de cine. Deste xeito, estes lugares destinados ao descanso, tomarán vida de novo durante os días do Festival de Cans.

Exposición retrospectiva de Luis Davila “O Bichero”

Venres 24 | Toda a tade | Cans Voulevar

Luís Davila é un dos debuxantes máis populares do país que arrinca sorrisos diarios coas tiras “O Bicheiro” que publica no xornal Faro de Vigo e que rapidamente inundan as redes sociais ao ser compartidas por miles de persoas conquistadas polo seu humor. Como en anteriores edicións, este ano tamén poderemos gozar con unha exposición composta por unha selección das súas viñetas máis cinematográficas e de algunhas, que en varias ocasións tamén teñen retratado o Festival de Cans.

Costa Azul

Sábado 25 | Todo o día | Costa de subida ao Cuberto de Chelo

Ao longo de cada edición as nosas veciñas do Barrio da Pedreira, Marta García e Paula Romero, recompilan en forma de fotografías, novas de xornais, cartaces ou camisolas, o máis destacado de cada edición. O seu traballo expónse nesta costa de subida ao Cuberto de Chelo revestida de cor azul cuxo nome evoca ao outro Cannes: a Costa Azul.

Curso de pintura “Pintar o Cine”

Xoves 23 | 15h – 20h | Praza do Concello

O xoves terá lugar o concurso de pintura rápida “Pintar o cine”, actividade que substitúe a Can Parade. Un total de doce artistas terán que realizar en cinco horas unha obra de temática e técnica libre que inclúa a silueta do can de Cans nunha escena de inspiración cinematográfica. Serán quen de conseguilo?

Cans Senior

Mércores 22 | 10h00 | Centro de día de Torneiros

Esta iniciativa pretende ata medio centro de centros de día de toda Galicia se impliquen na reinterpretación artística de diferentes secuencias da historia do cinema. O mércores 22 de maio inaugúrase no Centro de Día de Torneiros a exposición dos traballos finalistas. Unha oportunidade emocionante na que poder ver as súas creacións e descubrir o alto grao de coñecemento que teñen os nosos maiores do Festival de Cans.

Comunicación Festival de Cans
Comunicación XVI Festival de Cans
María Villamarín 666 05 88 67
Bea Camiña 617 25 13 21 (para entrevistas)

comunicacion@festivaldecans.com
facebook.com/festivaldecans
twitter.com/festivaldecans
www.festivaldecans.com